

**PLAN DE ATENCIÓN
ÁS PERSOAS SEN
FOGAR EN GALICIA
2019-2023**

XUNTA DE GALICIA

PLAN DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS SEN FOGAR EN GALICIA 2019-2023

Xunta de Galicia

Consellería de Política Social

Dirección Xeral de Inclusión Social

Santiago de Compostela, xullo de 2019

Contido

I. MARCO DO PLAN.....	4
1. O senfogarismo	5
1.1. Formas de abordar o fenómeno: tendencias en Europa.....	11
1.2. O contexto español	13
1.3. O contexto de Galicia	15
II. DIAGNÓSTICO SOBRE A SITUACIÓN E AS NECESIDADES DAS PERSOAS EN SITUACIÓN DE SENFOGARISMO EN GALICIA	17
1. Introducción.....	18
2. Dimensión do senfogarismo en Galicia e situacións de risco	19
3. Perfil socioeconómico e de saúde	21
3.1. Características e perfís das persoas en situación de senfogarismo.....	22
3.2. Saúde física, mental e patoloxía dual.....	26
4. As principais necesidades das persoas en situación de senfogarismo.....	27
4.1. Necesidades comúns das persoas que viven na rúa	27
5. A resposta institucional: centros e recursos para as persoas sen fogar en Galicia.....	32
5.1. Referencia aos centros e servizos para persoas sen hogar en Galicia.....	32
5.2. Uso e valoración dos servizos por parte das persoas sen hogar	36
5.3. Investimento da Consellería de Política Social en políticas de atención ao senfogarismo	37
III. DESENVOLVEMENTO DO PLAN.....	40
1. Obxectivo do plan.....	41
2. Marco competencial e de referencia.....	41
3. Ámbito territorial.....	43
4. Persoas destinatarias.....	44
5. Vixencia do plan	44
6. Enfoque e principios do plan	45

7. Formulación do plan: eixes e estrutura	47
8. Obxectivos específicos e medidas	49
EIXE 1. PREVENCIÓN	51
EIXE 2. PROTECCIÓN E RECONSTRUCCIÓN DO PROXECTO VITAL	55
EIXE 3. ADAPTACIÓN DOS RECURSOS, MELLORA DOS SERVIZOS	60
EIXE 4. ENFOQUE INCLUSIVO DA VIVENDA.....	64
EIXE 5. SENSIBILIZACIÓN, LOITA CONTRA A DISCRIMINACIÓN E OS DELITOS DE ODIO	68
EIXE 6. COÑECEMENTO, INNOVACIÓN E COLABORACIÓN	71
9. Gobernanza do plan	74
10.Seguimento e avaliación.....	79
11.Orzamento.....	81
ANEXO I. CADRO DE INDICADORES.....	82
ANEXO II. ABREVIATURAS DO DOCUMENTO	87

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Clasificación europea de senfogarismo e a exclusión residencial, ETHOS.....	6
Táboa 2. Número de persoas sen fogar en Galicia, 2005-2017.	19
Táboa 3. Distribución da poboación sen fogar en Galicia e taxa de persoas sen fogar, por provincias, 2017.....	21
Táboa 4. Persoas sen fogar en Galicia por sexo, 2005-2017.....	22
Táboa 5. Persoas sen fogar en Galicia por nivel de estudos, 2017.	23
Táboa 6. Persoas sen fogar en Galicia por nacionalidade, 2012-2017.....	24
Táboa 7. Persoas sen fogar en Galicia por situación laboral, 2017.....	25
Táboa 8. Centros segundo actividade principal do centro, Galicia, datos de 2016.....	33
Táboa 9. Centros segundo servizos e/ou prestacións ofrecidas polo centro, Galicia, datos de 2016.....	33
Táboa 10. Centros por situacións específicas de atención, Galicia, 2017.....	35
Táboa 11. Servizos que as persoas sen fogar utilizan habitualmente, en porcentaxe, 2017.....	36
Táboa 12. Orzamento investido en políticas de atención ao senfogarismo no ano 2018.	38

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1. Taxas de persoas sen fogar (por cada 1.000 habitantes), Galicia, 2005-2017.....	20
Gráfico 2. Distribución da poboación sen fogar en Galicia por tempo de permanencia, 2017....	20
Gráfico 3. Persoas sen fogar en Galicia por idade, 2012.....	23
Gráfico 4. Persoas sen fogar en Galicia por estado civil, 2017.....	24
Gráfico 5. Problemas de saúde percibidos nas persoas sen fogar enquisadas, 2017.	26
Gráfico 6. Valoración dos servizos utilizados polas persoas sen fogar, 2017.....	36

I. MARCO DO PLAN

1. O senfogarismo

Neste primeiro apartado defínense conceptos clave como o senfogarismo e a exclusión residencial. Ademais, descríbense as principais causas do senfogarismo e os seus factores de vulnerabilidade asociados. Por último, revísanse as políticas de senfogarismo en Europa e en España, así como o contexto do presente plan na política social de Galicia.

Aproximación ao concepto de senfogarismo

O senfogarismo e a exclusión social son conceptos complexos, que carecen dunha definición oficial na Unión Europea ou en España. A variedade de situacións nas que pode atoparse unha persoa sen fogar supón unha barreira para acordar unha definición precisa.

A exclusión residencial engloba un conxunto amplo de situacións polas que unha persoa ou unha familia se ve privada do acceso a unha vivenda normalizada na sociedade. Desta maneira existen diferentes graos de exclusión residencial, que van desde o senfogarismo en sentido estrito á residencia nunha vivenda precaria ou inadecuada.

Neste sentido, **FEANTSA** (Fédération Européenne d'Associations Nationales Travaillant avec les Sans-Abri), a Federación Europea de Asociacións que Traballan coas Persoas sen Fogar, desenvolveu un elaborado marco conceptual a partir de diversos traballos de investigación que comunmente serve de referencia. Segundo este marco, os conceptos de exclusión residencial e senfogarismo son descritos a través de diferentes situacións concretas e definidas na clasificación ETHOS¹. O senfogarismo propiamente dito inclúe as persoas sen teito e sen vivenda.

¹ ETHOS (European Typology on Homelessness and Housing Exclusion). Tipoloxía europea de senfogarismo e exclusión residencial https://www.feantsa.org/download/ethos_spain-24518105836657575492.pdf

Táboa 1. Clasificación europea de senfogarismo e a exclusión residencial, ETHOS.

Categorías	Situacións
A. SEN TEITO	1. Vivir nun espazo público (sen domicilio).
	2. Pernoitar nun albergue e/ou atoparse forzado/a a pasar o resto do día nun espazo público.
B. SEN VIVENDA	3. Aloxarse en centros de servizos ou refuxios (hostais para persoas sen teito que permiten diferentes modelos de estancia).
	4. Vivir en refuxios para mulleres.
	5. Vivir en aloxamentos temporais reservados ás persoas inmigrantes e ás demandantes de asilo.
	6. Vivir en institucións: prisións, centros de atención sanitaria, hospitais sen ter onde ir etc.
	7. Vivir en aloxamentos de apoio (sen contrato de arrendamento).
C. VIVENDA INSEGURA	8. Vivir nunha vivenda sen título legal (vivir temporalmente con familiares ou amigos de forma involuntaria, vivir nunha vivenda sen contrato de arrendamento –exclúense as persoas en situación de okupación– etc.).
	9. Ter recibida unha notificación legal de abandono da vivenda.
	10. Vivir baixo a ameaza de violencia por parte da familia ou da parella.
D. VIVENDA INADECUADA	11. Vivir nunha estrutura temporal ou chabola.
	12. Vivir nunha vivenda non apropiada segundo a lexislación estatal.
	13. Vivir nunha vivenda masificada.

Fonte: FEANTSA.

Por outra banda, a Enquisa ás persoas sen fogar, elaborada polo **Instituto Nacional de Estadística (INE)**, é unha das principais fontes de información en España para o fenómeno do senfogarismo. Por iso é tamén importante especificar a definición de persoa sen fogar do propio INE, que di: *“considérase persoa sen fogar aquela que ten 18 anos ou máis, que na semana anterior á da entrevista foi usuaria dalgún centro asistencial ou de aloxamento e/ou de restauración e durmiu polo menos unha vez nalgún dos seguintes aloxamentos situados en municipios de máis de 20 000 habitantes: albergue, residencia, centro de acollida, centros de acollida a mulleres maltratadas, centros de axuda ao refuxiado, centros para demandantes de asilo, piso facilitado por unha Administración pública, unha ONG ou organismo, piso ocupado, pensión pagada por*

unha Administración pública, unha ONG ou organismo, espazo público (estación de ferrocarril, de autobuses, metro, aparcadoiro, xardín público, escampado...), aloxamentos de fortuna (hall dun inmovible, cova, coche...)”².

Causas e factores de vulnerabilidade


O fenómeno do senfogarismo é complexo e multicausal. A miúdo non hai unha soa causa que leve a unha persoa para atoparse sen fogar, senón un conxunto de situacións, simultáneas ou sucesivas. Á súa vez, a combinación de factores detrás de cada historia persoal é diferente. Con todo, a pesar destas diferenzas e desta complexidade, si existen puntos en común que permiten realizar unha descrición das principais causas e factores de vulnerabilidade do senfogarismo.

É importante sinalar que a gran maioría dos factores de vulnerabilidade mencionados non son por si sos unha causa de senfogarismo. Por exemplo, o illamento, como a falta de apoio familiar e social, pode xogar un papel clave en moitos camiños ao senfogarismo. Con todo, existen tamén moitas persoas que sofren de illamento sen atoparse en risco de senfogarismo. Non obstante, estas persoas, en caso de verse afectadas por outros factores de vulnerabilidade, como problemas co emprego ou coa vivenda, si se atoparían nunha situación moito máis vulnerable que outras cunha sólida rede de apoio familiar e social.

Nesta sección recóllese un conxunto de factores de vulnerabilidade do senfogarismo tendo en conta a situación en Galicia³. Estes factores son agrupados ao redor de catro tipos de causas: causas estruturais, institucionais, relacionais e persoais.

² INE. Enquisa ás persoas sen fogar. Avance de resultados. Ano 2012. <https://www.ine.es/prensa/np761.pdf>

³ En concreto, téñense en conta fontes de información como as recollidas no Estudo sobre a situación das persoas sen fogar en Galicia, 2017, da Cruz Vermella e Xunta de Galicia; Enquisa a persoas sen teito realizada no ano 2017; Estudo de persoas sen fogar atendidas por Cruz Vermella Española en Galicia, 2017; Mesas temáticas do “Seminario sobre senfogarismo en Galicia”, novembro 2017; Panel de persoas expertas, decembro 2017; Entrevistas a persoas responsables de programas de atención a persoas sen fogar en Galicia, decembro 2017; Historias de caso de persoas atendidas polo programa “Sen Teito” de Cruz Vermella Española en Galicia, en convenio coa Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, novembro 2017.



Causas estruturais

As causas estruturais consisten nos elementos da realidade económica e social que teñen un efecto no senfogarismo. O aumento da pobreza nos períodos de crise económica, ou o crecemento do prezo da vivenda en períodos de bonanza, son exemplos de como causas estruturais poden empuxar a unha persoa cara ao senfogarismo. Entre estas causas destacan:

- ▶ Elevada taxa de desemprego, especialmente de desemprego de longa duración.
- ▶ Elevada taxa de desemprego de grupos vulnerables, como xente nova, inmigrantes ou traballadores/as maiores.
- ▶ Ingresos insuficientes, derivados do emprego a tempo parcial, precario e os salarios baixos.
- ▶ Escaseza de vivenda alcanzable.

Causas institucionais

A resposta institucional é fundamental, dado que a miúdo serve como unha rede de apoio básico para as persoas que ven empuxadas polas causas estruturais, descritas anteriormente. Unha resposta institucional adecuada pode lograr que as persoas, aínda afectadas por factores estruturais importantes, como a escaseza de emprego, eviten caer no senfogarismo e logren reinserirse no mercado laboral.

Entre as principais causas institucionais están unha cobertura e contías que se quedan insuficientes nas políticas de apoio á renda; a escaseza dos recursos habitacionais adaptados ás necesidades das persoas sen fogar; o desenvolvemento de procesos de desinstitucionalización de persoas que abandonan centros de reeducación, hospitais, centros penais... que non aseguran a disposición dunha vivenda alternativa; así como as dificultades e barreiras no acceso a algúns servizos.

Causas relacionais

Por outra banda, existen unha serie de causas denominadas relacionais, que tratan sobre as relacións sociais e familiares que ten unha persoa. En moitas situacións de vulnerabilidade económica, e ante a carencia ou á espera de axuda institucional, o apoio de persoas próximas, como familiares ou amizades, pode ser a clave para evitar que unha persoa caia no senfogarismo. Desta maneira, a falta de apoio de persoas próximas, así como o illamento e a soidade, son factores de vulnerabilidade. A falta de este apoio pode ser especialmente relevante en determinadas etapas da vida. Un exemplo é a mocidade de temperá idade que abandona o fogar familiar sen emprego nin apoio por parte das súas familias.

Á súa vez, os problemas nas relacións persoais poden tamén catalizar situacións de senfogarismo. Por exemplo, as rupturas de parella poden xerar o abandono ou a expulsión do fogar familiar. As situacións altamente conflitivas na familia, incluída a violencia de xénero, poden ter un efecto similar.

Causas persoais

Por último, existen unha serie de causas de tipo persoal que xogan tamén un papel moi relevante. Estas afectan á capacidade da persoa para atopar un emprego, acceder a axudas institucionais ou crear ou manter relacións familiares ou sociais. Algúns exemplos son:

- ▶ Discapacidade.
- ▶ Problemas de saúde física e mental.

- ▶ Baixo nivel educativo.
- ▶ Falta de capacidades e habilidades persoais para o emprego.
- ▶ Descoñecemento do idioma local.
- ▶ Atoparse nunha situación irregular.
- ▶ Trastornos aditivos (alcol, drogas, xogo etc.).
- ▶ Características individuais que poden afectar na inserción laboral da persoa, como a idade, o sexo ou a orixe.
- ▶ Itinerancia, falta de arraigamento.

Segundo a opinión de persoas expertas que traballan na nosa Comunidade autónoma, subliñouse a importancia de problemas como a itinerancia, as barreiras do empadramento, as redes de apoio familiares debilitadas, os problemas de saúde mental, as patoloxías, as adicións ou o descoñecemento do idioma. Por outra banda, segundo a propia visión das persoas sen fogar en Galicia, as principais causas de atoparse sen fogar foron o desemprego, a escaseza de recursos económicos e as rupturas afectivas. Outras fontes de información subliñan a importancia dalgúns dos factores de vulnerabilidade sinalados anteriormente. A Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Trastorno mental de Galicia menciona na súa Memoria Anual 2017 que entre o 25 % e o 33 % das persoas sen fogar en Galicia sofre un trastorno mental grave. En cambio, a porcentaxe da poboación española que sofre algún tipo de trastorno mental, xa sexa grave ou leve, alcanza o 9 %.

Sucesos de vida estresantes

En ocasións un conxunto de factores de vulnerabilidade é catalizado por un ou varios sucesos de vida estresantes, derivando nunha situación de senfogarismo. Entre estes sucesos cabe destacar o de sufrir malos tratos, o falecemento ou abandono de seres queridos, problemas económicos, situacións graves de desemprego, a perda da vivenda, intentos de suicidio ou o ingreso en prisión ou nun correccional⁴. No caso das mulleres sen fogar observouse que experimentaron un número moi elevado de sucesos vitais estresantes ao longo da súa vida, desde etapas temperás como a infancia e a adolescencia. Entre estes sucesos cabe destacar aqueles relacionados cos problemas económicos, a saúde, as relacións familiares ou a violencia⁵.

⁴ Cáritas Española (2009) “Documento Base Campaña sin Techo 2009: Su historia es parte de la nuestra. Todos contamos”. OLEA FERRERAS, Sonia (coord.).

⁵ Rodríguez Moreno, Sara Isabel; Roca Morales, Pablo; Panadero Herrero, Sonia; Vázquez Cabrera, José Juan (2016) “Sucesos vitales estresantes en mujeres en situación sin hogar”. Mujeres e investigación.

Aínda existindo situacións de vulnerabilidade importantes, estes sucesos non necesariamente tradúcense nunha situación de senfogarismo, pero posiblemente deixen unha pegada na persoa, que pode ter efectos posteriores. De feito, as persoas sen fogar experimentaron un número máis alto de sucesos de vida estresantes que a poboación en xeral.

1.1. Formas de abordar o fenómeno: tendencias en Europa

O problema do senfogarismo, como as políticas que responden a este, ten lugar en toda Europa. Neste apartado realízase unha breve análise das tendencias que están a suceder nos países da contorna europea. En concreto, préstase unha especial atención ao cambio de paradigma que se está producindo en Europa cara a un enfoque máis centrado na vivenda.

Da xestión á erradicación do senfogarismo

Unha tendencia importante é o cambio de enfoque sobre o obxectivo das políticas para o senfogarismo. Fronte ao enfoque tradicional de atender e mellorar a calidade de vida das persoas sen fogar (xestión do senfogarismo), cada vez prima máis o enfoque orientado a evitar que existan persoas sen fogar (erradicación do senfogarismo). Este cambio de enfoque foi subliñado pola Conferencia Europea de Consenso sobre Senfogarismo de 2010⁶.

Cara a modelos de intervención integrados

Como se viu anteriormente, o senfogarismo é un fenómeno complexo e multicausal. Por iso, o obxectivo da erradicación do senfogarismo require dunha resposta multidisciplinar que sexa capaz de integrar a acción de varios servizos. A tendencia é cara a respostas institucionais que teñan unha formulación integral da persoa, indo máis aló de respostas parciais e puntuais a situacións de emerxencia. Os modelos de intervención integrados necesitan a miúdo de estratexias que faciliten a coordinación dos esforzos entre diferentes administracións e departamentos. Varios países europeos xa deron importantes pasos nesta dirección, incluída España, coa Estratexia Nacional Integral para as Persoas sen Fogar 2015-2020, como se verá máis adiante.

Aportaciones interdisciplinares: VI Congreso Universitario Internacional Investigación y Género (2016), p 611-624.

⁶ European Consensus Conference on Homelessness. 9 – 10 December 2010. Brussels. <https://ec.europa.eu/social/main.jsp?catId=88&langId=eneventsId=315&&moreDocuments=yes&tableName=events>

Enfoque centrado na vivenda

Un cambio importante de paradigma é o enfoque centrado no acceso a unha vivenda estable (*housing led policies*). Segundo este enfoque, en lugar de apoiar á persoa sen fogar en diferentes ámbitos para que logre progresivamente mellorar a súa situación ata alcanzar o acceso a unha vivenda, comézase por ofrecer directamente o acceso a unha vivenda, para así facilitar que a persoa logre superar a súa complexa problemática individual e reintegrarse na sociedade. É dicir, desde este enfoque considérase á vivenda como un compoñente fundamental da recuperación e non como un mero fin en si mesmo. En efecto, aínda que é certo que as causas do senfogarismo son complexas e diversas, a permanencia na rúa supón unha importante causa en si mesma, que alimenta moitos dos problemas que xeran o propio senfogarismo (dano á saúde mental, á autoestima, problemas de hixiene persoal que dificultan por exemplo o acceso ao emprego etc.). Desta maneira, as políticas centradas na vivenda pretenden resolver así este círculo vicioso desde o inicio. En 2014 o Parlamento Europeo aprobou unha declaración na que se remarcou a eficacia dos enfoques centrados na vivenda⁷.

Desta maneira, os enfoques centrados na vivenda diferéncianse dos modelos de intervención graduada ou lineal, nos que as persoas sen fogar van superando diferentes etapas e retos ata que se lles considera preparadas para acceder a unha vivenda. Con iso se aposta pola redución de danos en primeiro lugar. Isto implica tamén un modelo de baixa esixencia para a persoa, dado que a pesar de que o acceso á vivenda vai da man dunha serie de apoios complementarios, o cumprimento por parte da persoa non adoita ser un requisito para permanecer na vivenda. Con todo, esta baixa esixencia non implica baixos resultados. A presenza na rúa supón un importante factor causal que retroalimenta o senfogarismo en si mesmo. Por iso, expulsar á persoa da vivenda por non participar nas accións deseñadas para a súa reinserción supoñería acelerar a deterioración da situación.

O enfoque centrado na vivenda, coa mirada posta na erradicación do senfogarismo, supón tamén que os recursos de emerxencia poden pasar a un segundo plano, aínda que seguirán presentes para responder a situacións concretas. Ademais, este enfoque favorece o acceso a vivendas normalizadas, en lugar da albergues, que pasan a ser solucións de emerxencia e portas de entrada ao acceso a unha vivenda estable.

Unha aplicación deste tipo de políticas é o chamado modelo *housing first*. Este modelo consiste en ofrecer de maneira temperá unha vivenda con carácter permanente a persoas sen fogar, ofrecendo un apoio complementario principalmente en materia de saúde e servizos sociais. Na

⁷ [Resolución do Parlamento Europeo, do 16 de xaneiro de 2014, sobre unha estratexia da UE para as persoas sen fogar \(2013/2994\(RSP\)\)](#).

metodoloxía *housing first* dáselles prioridade a persoas con problemas de adiccións, de saúde mental e/ou discapacidade, e cunha longa traxectoria de situación en rúa cronificada. Baséase en oito principios fundamentais⁸ e artículase ao redor de dous postulados: un é proporcionar o apoio necesario ao redor da retención da vivenda, a saúde e benestar e integración social, e outro consiste en proporcionar unha vivenda.

O modelo *housing first* fundaméntase no control, elección e autodeterminación da propia persoa como enfoque esencial. Cabe destacar que este modelo non está deseñado para dar resposta a todas as situacións de senfogarismo e, por tanto, pretende convivir con outros modelos. Á vez require apoios dos departamentos de saúde e/ou dos servizos sociais para que o modelo sexa exitoso. É por iso, fundamental integralo nas diferentes estratexias que se elaboran para erradicar o senfogarismo.

Ademais do modelo *housing first*, existen outras opcións de atención dentro das políticas de senfogarismo centradas na vivenda, que combinan diversos servizos de apoio en función das necesidades da persoa. Ademais, o tipo de vivenda ofrecida configúrase segundo as necesidades da persoa.

Un maior protagonismo da prevención

Outra tendencia consiste en darlle unha maior importancia á prevención do senfogarismo, traballando especialmente cos grupos máis vulnerables. Algúns exemplos son a xente nova, as persoas con enfermidades mentais ou as persoas que recentemente deixaron de residir nunha institución (centros de reeducación, hospitais, prisións). Á súa vez, téndese a prestar máis atención a eventos de risco, como os desafiuzamentos ou os desaloxos. Por último, desde un enfoque preventivo faise tamén un chamamento para **reforzar as políticas de vivenda** de carácter xeral. Unha sociedade con dispoñibilidade de vivenda alcanzable reduce notablemente os riscos para o senfogarismo, tal e como se sinalou en páxinas anteriores no apartado sobre causas do senfogarismo.

1.2. O contexto español

En España existe unha tendencia cara a un enfoque máis integrado e personalizado, cunha maior atención na vivenda. Para poñer en práctica este enfoque a elaboración de estratexias é

⁸ Os principios son: a vivenda como dereito, elección e control das persoas participantes, separación e vivenda, orientación á recuperación, redución do dano, compromiso activo sen coerción, planificación centrada na persoa e apoio flexible e dispoñible no tempo necesario.
Feantsa, 2016 [Guía Housing First Europa](#). Reino Unido.

cada vez máis común. A continuación, descríbense algúns exemplos a nivel nacional, rexional e local.

Estratexias a nivel nacional

En novembro de 2015 foi aprobada a primeira estratexia para persoas sen fogar en España, a [Estratexia Nacional Integral de Persoas sen Fogar 2015-2020](#). O horizonte final desta estratexia é a erradicación do senfogarismo en España, co obxectivo a medio prazo de redución do número de persoas sen fogar. A estratexia vai máis aló da asistencia ás persoas sen fogar, aspirando á restauración dos seus proxectos de vida e a súa completa reinserción na sociedade.

Un amplo grupo de institucións participaron na elaboración e gobernanza da estratexia, a nivel central, rexional, local e da sociedade civil. Na práctica, a estratexia propón un enfoque integral cun liderado da Administración local. A estratexia enuncia unha serie de principios nos que se inspira como guía, como os dereitos das persoas sen fogar, a unidade de acción, a prevención e atención temperá, o enfoque orientado á vivenda e centrado nas persoas, a perspectiva de xénero, e a mellora do coñecemento e formación. Máis en detalle, a estratexia componse de 5 obxectivos, que, á súa vez, agrupan un total de 13 liñas estratéxicas. Entre estes obxectivos atópanse a mellora da prevención, a sensibilización, a seguridade das persoas sen fogar, a restauración do proxecto de vida ou o reforzo do sistema público de atención ás persoas sen fogar.

A estratexia inclúe obxectivos cuantitativos precisos. O obxectivo principal é reducir o número total de persoas sen fogar en España, de 22 938 en 2015 a 20 000 en 2018 e a 18 000 en 2020 (segundo a enquisa do INE). Máis en detalle, a estratexia ten tamén obxectivos en canto á redución de persoas sen fogar por sexo, por idade (con especial atención aos máis novos e aos maiores), persoas con enfermidades graves e persoas con adiccións.

Estratexias a nivel autonómico e local

Ademais da estratexia a nivel nacional, en España existen outras estratexias a nivel rexional e local. Un exemplo é a [Estratexia vasca de persoas sen fogar 2018 – 2021](#). O enfoque da estratexia é integral, centrado na vivenda e na persoa, abordando as diversas problemáticas que afectan as persoas en situación de exclusión residencial grave e incorporando criterios de calidade de vida e individualización. Á súa vez, a estratexia segue tamén un enfoque preventivo. A estratexia estrutúrase a través de 9 eixes de actuación, prestándolle atención á prevención, ao enfoque baseado na vivenda e a unha perspectiva multidisciplinar (saúde, garantía de ingresos, acceso ao emprego, participación social e política, lecer etc.). A estratexia busca tamén mellorar a sensibilización da sociedade e a coordinación entre os axentes implicados.

Outro exemplo de estratexia autonómica é o **Plan de inclusión de personas sin hogar de la Comunidad de Madrid 2016 - 2021**. Este plan segue un enfoque multidisciplinar, a través da participación de diversos actores, combinando servizos de atención da saúde, apoio á renda, recursos de aloxamento, acompañamento persoal e deseño de itinerarios personalizados para a inserción social e laboral. En concreto, a estratexia artículase a través de 5 eixes vertebradores. Entre eles destaca o reforzo da prevención, a sensibilización e a protección de dereitos e contra os delitos de odio. Á súa vez, tamén busca a restauración do proxecto vital mediante a autonomía, activación e empregabilidade, así como un cambio no modelo de aloxamento e da metodoloxía de traballo con quen están en peor situación e máis cronificados.

Existen tamén estratexias para a redución do senhogarismo a nivel **local**. Algúns exemplos xa en vigor son a Estrategia municipal para la prevención y atención al sinhogarismo 2015-2020, do Concello de Madrid, o Plan de lucha contra el sinhogarismo de Barcelona 2016-2020, ou o Plan integral para las personas sin hogar en Zaragoza 2018.

1.3. O contexto de Galicia

O presente Plan de atención ás persoas sen fogar sitúase nun contexto de políticas de protección social en Galicia. En concreto, este plan sitúase en liña coa [Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020](#). Esta estratexia define como grupo prioritario as persoas sen fogar e inclúe ademais varios obxectivos e medidas orientados a evitar e reducir o dano que provoca a carencia dun fogar nas persoas. Concretamente, a estratexia aposta por intervencións que faciliten acceso ás necesidades básicas e polos recursos residenciais, especialmente os de carácter máis estable. Con iso preténdese facilitar o traballo de acompañamento social integral co fin de conseguir a inclusión social e laboral.

No plano das medidas, a estratexia mantén o apoio ao dispositivo de atención e acompañamento a persoas sen teito posto en marcha nas anteriores edicións do Plan galego de inclusión social. Este programa artículase mediante unidades técnicas especializadas que traballan na rúa e nos dispositivos de atención localizados en sete cidades galegas. O plan inclúe tamén un obxectivo especificamente orientado a persoas sen fogar: Ofertar unha intervención especializada para atender as necesidades das persoas sen fogar.

A estratexia segue un enfoque multidisciplinar nas accións destinadas ás persoas sen fogar, como mostra a participación de diferentes organismos da Xunta de Galicia na implantación do obxectivo destinado a persoas sen fogar. Un total de cinco consellerías participan neste obxectivo (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; Política Social; Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Educación, Universidade e Formación

Profesional; e Sanidade), ademais das corporacións locais e as entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais.

Por último, o [Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a carteira de servizos sociais de inclusión](#), abrangue servizos e prestacións específicas de inclusión social dirixidos ás persoas en situación de vulnerabilidade, entre eles as persoas sen fogar. Algúns destes están orientados á detección de situacións de risco ou exclusión, sen necesidade de esperar unha demanda explícita de axuda. Á súa vez, o programa pretende lograr unha relación de confianza coas persoas co fin de motivalas para o cambio e facilitar o seu acceso aos recursos que precisan ou, cando non é viable, prestarlles a asistencia básica necesaria.

II. DIAGNÓSTICO SOBRE A SITUACIÓN E AS NECESIDADES DAS PERSOAS EN SITUACIÓN DE SENFOGARISMO EN GALICIA

1. Introducción

Neste apartado abórdase o diagnóstico sobre o senfogarismo en Galicia e móstranse os principais datos dispoñibles relativos á incidencia do fenómeno do senfogarismo en Galicia. En primeiro lugar, inclúese a dimensión do senfogarismo en Galicia, é dicir, cantas persoas sofren este problema. En segundo lugar, descríbese o seu perfil en relación ás principais variables socioeconómicas (sexo, idade, nacionalidade, estado civil etc.) e ao seu estado de saúde. En terceiro lugar, préstase atención ás súas principais necesidades. Por último, refírese a resposta institucional, a través dos centros e os recursos ofrecidos en Galicia. Este diagnóstico servirá para definir os principais retos en resposta ao senfogarismo en Galicia.

Existen dificultades para dispoñer de datos actualizados e detallados sobre as persoas sen fogar en España, como é tamén sinalado por outras estratexias⁹. A principal fonte de información é a Enquisa sobre as persoas sen fogar do INE, pero a súa última edición foi publicada con datos de 2012. Este diagnóstico apóiase ademais [principalmente no Estudo da situación das persoas sen fogar en Galicia, 2017](#)¹⁰. Neste estudo participaron diferentes entidades sociais que interveñen na Comunidade autónoma, como Cáritas, Boa Vida Inclusión Activa, Centro Xoán XXIII, Emaús Fundación, I.B.S. Padre Rubinos, Médicos del Mundo, Salud Mental-FEAFES Galicia, Rais, Provivienda e Cruz Vermella en Galicia.

Para realizar o estudo combináronse técnicas de investigación cuantitativa e cualitativa¹¹. Contouse cunha diversidade de perfís de profesionais de diferentes ámbitos, persoas expertas así como persoas sen fogar. Implicáronse cinco departamentos da Xunta de Galicia, oito entidades locais e 26 entidades de iniciativa social.

⁹ Por exemplo, a Estratexia nacional integral para persoas sen fogar 2015-2020 e o Plan de inclusión de persoas sen fogar da Comunidade de Madrid 2016-2021 mencionan esta limitación de datos.

¹⁰ Este estudo é o resultado dun traballo conxunto levado a cabo pola Xunta de Galicia e Cruz Vermella Española en Galicia, realizado no marco dun convenio de colaboración para o desenvolvemento dun programa de acompañamento e apoio ás persoas que se atopan en situación de senfogarismo ou vulnerabilidade extrema e que, á súa vez, enmárcase dentro da Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020.

¹¹ En concreto as fontes de información son as seguintes:

- Enquisa a persoas sen teito realizada no ano 2017 por Cruz Vermella en Galicia.
- Estudo de persoas sen fogar atendidas por Cruz Vermella en Galicia, 2017.
- Mesas temáticas do “Seminario sobre senfogarismo en Galicia”, novembro 2017.
- Panel de persoas expertas, decembro 2017.
- Entrevistas a persoas responsables de programas de atención a persoas sen fogar en Galicia, decembro 2017.
- Historias de caso de persoas atendidas polo programa “Sen Teito” de Cruz Vermella en Galicia, en convenio coa Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, novembro 2017.

2. Dimensión do senfogarismo en Galicia e situacións de risco



Dimensión do senfogarismo e distribución territorial

- ▶ Segundo a Enquisa de persoas sen fogar do Instituto Nacional de Estatística de 2012 estímase que son **máis de 1 900 persoas** a poboación que hai en Galicia en situación de senfogarismo.
- ▶ Segundo a enquisa do Instituto Nacional de Estatística obsérvase un **aumento de persoas en situación de senfogarismo** entre 2005 e 2012.
- ▶ Existe unha **elevada cronificación**. A maior parte das persoas sen fogar (68 %), estiveron nesta situación durante tres anos ou máis.
- ▶ **Fenómeno de carácter urbano**: Maior concentración de persoas sen fogar na contorna urbana.

Segundo os datos da Enquisa a persoas sen fogar, do INE, o número de persoas sen fogar en Galicia en 2012 foi de 1 903 persoas. Esta cifra foi un 24 % maior á estimada pola mesma fonte en 2005. Pola súa banda, o estudo realizado pola Cruz Vermella española en Galicia no ano 2017 estimou o número de persoas sen fogar en Galicia en 1 263 (Táboa 2).

Táboa 2. Número de persoas sen fogar en Galicia, 2005-2017¹².


	EPSH-INE 2005	EPASH-INE2012	ECRE 2017
Sen teito	1 535	1 903	483
Vivenda insegura			559
Vivenda inadecuada			221
Total	1 535	1 903	1 263

Fontes: EPSH-INE 2005 e 2012 (Enquisa a persoas sen fogar do INE); ECRE 2017 (Estudo da poboación en senfogarismo atendida pola Cruz Vermella Española en Galicia).

Estes datos implican unha taxa de persoas sen fogar en Galicia ao redor das 0,5 por cada mil habitantes, como mostran os datos do Gráfico 1.

¹² Os datos do recento da EPST 2017 (Enquisa a persoas sen teito. Cruz Vermella en Galicia) non se inclúen nesta táboa dado que seguen unha metodoloxía diferente (por iso a súa cifra de persoas sen fogar en 2017 é de 340). Con todo, esta fonte achega información moi valiosa noutros campos, polo que será empregada ao longo do documento.


Gráfico 1. Taxas de persoas sen fogar (por cada 1.000 habitantes), Galicia, 2005-2017.



Fontes: EPSH-INE 2005 e 2012; ECRE 2017.

Outra variable moi relevante do senfogarismo é o seu cronificación, medida en base ao tempo que unha persoa estivo sen fogar. Como pode observarse, a cronificación do senfogarismo é elevada, dado que a maioría da poboación sen fogar permaneceu nesa situación máis de tres anos (Gráfico 2).

Gráfico 2. Distribución da poboación sen fogar en Galicia por tempo de permanencia, 2017.



Fonte: EPST 2017 (Enquisa a Persoas sen teito).

Distribución territorial

En canto á distribución territorial poboación sen fogar, de acordo cos resultados do recento, **nas sete cidades máis grandes de Galicia hai máis de tres persoas sen fogar por cada 10.000 habitantes**. En termos relativos, os datos do recento revelan que a maior taxa de persoas sen fogar por cada 1.000 habitantes experimentána as cidades de Vigo (0,45 ‰) e Santiago de Compostela (0,4 ‰). Nestas cidades hai catro persoas en situación de senfogarismo por cada 10.000 habitantes. As restantes cidades presentan taxas por debaixo da media galega establecida en 0,34 ‰, sendo entre elas Ourense a que menor taxa de senfogarismo presenta (0,17 ‰). (Táboa 3).

Táboa 3. Distribución da poboación sen fogar en Galicia e taxa de persoas sen fogar, por provincias, 2017.

Cidades	Poboación e persoas sen fogar/sen teito			PSF e PST por 10.000 hab.	En relación á media	PST por 10.000 hab.	En relación á media
	Habitantes	PSF e ST	PST				
A Coruña	244.099	81	32	3,32	≈	1,31	≈
Santiago	96.456	39	25	4,04	↑↑	2,59	↑↑
Ferrol	67.569	21	6	3,11	↓	0,88	↓
Lugo	97.995	29	17	2,96	↓↓	1,73	↑
Ourense	105.636	18	4	1,70	↓↓	0,38	↓↓
Pontevedra	82.671	20	10	2,42	↓↓	1,20	↓
Vigo	292.986	132	35	4,51	↑↑	1,19	↓
Total 7 cidades	987.412	340	129	3,44		1,30	

Fonte: Estudo sobre a situación das persoas sen fogar en Galicia, 2017. Reconto. E INE- Padrón municipal de habitantes a 1/01/2017

PSF: persoas sen fogar; PST: persoas sen teito

De xeito específico, os resultados revelan que **hai unha persoa sen teito por cada 10.000 habitantes nas sete grandes cidades galegas**. A maior taxa rexístrana Santiago de Compostela, onde serían dúas persoas por cada 10.000 habitantes (0,26‰), moi por encima doutras cidades que a seguen, como Lugo (0,17‰) e A Coruña (0,13‰).

A Enquisa a persoas sen fogar do INE mostra que a intensidade do senfogarismo é maior no medio urbano (municipios de máis de 20.000 habitantes), en Galicia foi de 1,3 persoas por cada 1 000 habitantes.

3. Perfil socioeconómico e de saúde



Perfil socioeconómico e de saúde

- ▶ Perfil prototipo: **home** (80 %), idade media de 45 **anos**, nivel de formación **baixo** (só o 6 % con estudos superiores), de nacionalidade **española** (70 %) e solteiros.
- ▶ **Incremento** do número de mulleres, especialmente en situación administrativa irregular.
- ▶ **Elevada proporción de persoas estranxeiras** (o 30 % das persoas sen fogar son estranxeiros/as, fronte ao 3 % da poboación en xeral).
- ▶ Máis do 80 % está en situación de **desemprego**.
- ▶ Con todo, tamén existen persoas sen fogar ocupadas, ou con estudos superiores. Estes perfís poñen de manifesto a complexidade causal do senfogarismo.

- ▶ Para a maior parte a principal fonte de ingresos é a **esmola** (ao redor dun 40 %), seguidas por pensións ou prestacións sociais.
- ▶ Os **problemas de saúde** son patentes, cunha incidencia notable de adiccións e **saúde mental**. Ademais, a adhesión aos tratamentos é baixa.

3.1. Características e perfís das persoas en situación de senfogarismo

Sexo

Os datos das diferentes fontes coinciden en que o senfogarismo é un **problema moi masculinizado**: segundo as fontes máis recentes, entre o 80 % e o 88 % das persoas sen fogar en Galicia son homes. Con todo, comparando estas cifras coas de 2005, obsérvase á súa vez un **aumento na porcentaxe de mulleres sen fogar**. Este incremento é especialmente notable entre as mulleres que se atopan en situación administrativa irregular¹³ (Táboa 4).

Táboa 4. Persoas sen fogar en Galicia por sexo, 2005-2017.

Sexo	EPSHI-INE 2005	EPASH-INE2012	EPST 2017	ECRE 2017
Mulleres	6,8 %	19,5 %	11,5 %	15 %
Homes	93,2 %	80,5 %	88,5 %	85 %

Fontes: EPSH-INE 2005 e 2012 (Enquisa a persoas sen fogar do INE); EPST 2017 (Enquisa a persoas sen teito. Cruz Vermella en Galicia); e ECRE 2017 (Estudo da poboación en senfogarismo atendida pola Cruz Vermella española en Galicia).


Idade

Se se atende ao perfil por idade, os datos máis recentes acerca da distribución por idade corresponden á enquisa do INE de 2012. Como pode observarse, **o groso da poboación sen fogar en Galicia sitúase na franxa central de idade, entre os 30 e os 64 anos**, con especial incidencia entre os 45 e os 64 anos (45,5 % das persoas)¹⁴.

¹³ Xunta de Galicia (2017) “Estudo da situación das persoas sen fogar en Galicia, 2017. Trazos e propostas de intervención”. Mesas temáticas.

¹⁴ Os resultados da ECRE 2017 mostran unha distribución por idade similar: 7,7 % entre 18 e 29 anos, 49,3 % entre 30 e 49 anos, 30 % entre 50 e 64 anos, e 13 % entre 65 e 79 anos.

Gráfico 3. Persoas sen fogar en Galicia por idade, 2012.



Fonte: EPSH-INE 2012 (Enquisa a persoas sen fogar do INE).

Con todo, segundo as mesas temáticas recentemente houbo un incremento de persoas novas en situación de senfogarismo, especialmente de persoas con problemas de desarraigamento familiar que acaban de alcanzar a maioría de idade. Segundo as mesmas mesas, tamén houbo un incremento de persoas maiores, debido ás dificultades de asumir os gastos relacionados coa súa vivenda¹⁵.

Á súa vez, a EPST 2017 e a ECRE 2017, mostran que **a idade media das persoas sen fogar en Galicia é de 46,05 - 45,6 anos** respectivamente.

Nivel de estudos

O nivel de estudos é outra variable que cómpre ter en conta na descrición das persoas sen fogar. Segundo os datos das dúas fontes de información dispoñibles (Táboa 5), **a maioría da poboación sen fogar ten soamente estudos primarios ou inferiores** (entre o 78,5 % e o 64,6 % segundo a fonte). Este dato é relevante dado que un baixo nivel de estudos está directamente relacionado cunha menor empregabilidade das persoas. Con todo, existen tamén persoas sen fogar con estudos secundarios ou mesmo superiores, o que mostra a complexidade multicausal do senfogarismo.

Táboa 5. Persoas sen fogar en Galicia por nivel de estudos, 2017.

Nivel de estudos	EPST 2017	ECRE 2017
Estudos primarios ou inferiores	78,5 %	64,6 %
Estudos secundarios	15,4 %	31,5 %
Estudos superiores	6,2 %	3,9 %

Fontes: EPST 2017 e ECRE 2017

¹⁵ Xunta de Galicia (2017) "Estudo da situación das persoas sen fogar en Galicia, 2017. Trazos e propostas de intervención".

Nacionalidade

Outra variable relevante é a nacionalidade. A importancia desta variable radica nas maiores dificultades coas que a miúdo se atopa a poboación inmigrante para a inserción laboral e para o acceso a servizos de apoio. Ademais, algunhas persoas inmigrantes contan con importantes barreiras de idioma e a dificultade de non contar cos requisitos esixidos para a obtención do permiso de residencia. As diferentes fontes mostran unha porcentaxe de poboación **estranxeira entre a poboación sen fogar de arredor do 30 %**. Isto implica unha **incidencia do senfogarismo moito maior** entre a poboación estranxeira, dado que a porcentaxe de persoas estranxeiras no total da poboación galega só alcanza o 3,4 % (fronte á media nacional do 9,5 %) ¹⁶ (Táboa 6).

Táboa 6. Persoas sen fogar en Galicia por nacionalidade, 2012-2017

Nacionalidade	EPSH-INE2012	EPST 2017	ECRE 2017
Española	73 %	67,5 %	67,1 %
Estranxeira	27 %	32,5 %	32,8 %


Fontes: EPSH-INE 2012, EPST 2017 e ECRE 2017.

Segundo a EPST 2017 e a ECRE 2017, as principais zonas de orixe da poboación sen fogar inmigrante son Marrocos, Romanía, América Latina (especialmente Colombia) e Portugal.

Estado civil

O estado civil é outra variable relevante, dado que como se viu anteriormente, a vulnerabilidade nas relacións persoais atópase entre as causas do senfogarismo. Por outra banda, o estado civil pode tamén ter unha relación co camiño que seguiu unha persoa ata chegar ao senfogarismo. Atendendo aos datos da ECRE 2017, obsérvase que o **estado civil máis habitual é o de soltería (60 %)**, seguido polas persoas separadas ou divorciadas (Gráfico 4).

Gráfico 4. Persoas sen fogar en Galicia por estado civil, 2017.



Fonte: ECRE 2017 (Estudo da poboación en senfogarismo atendida pola Cruz Vermella española en Galicia).

¹⁶ Fonte: Cifras de Poboación. INE (datos a xullo de 2017).

Situación laboral

Como cabería esperar, a situación laboral da gran maioría da poboación sen fogar é o **desemprego**. Con todo, existen tamén casos de persoas sen fogar que se atopan ocupadas ou xubiladas. Isto chama a atención sobre a precarización do emprego e sobre a insuficiencia dalgunhas pensións en relación ao custo da vivenda. Á súa vez, suxire de novo prestar atención á complexa multicausalidade do senfogarismo, na que varios factores, como os conflitos familiares, as emocións ou mesmo a saúde mental, poden xogar un papel determinante (Táboa 7).

Táboa 7. Persoas sen fogar en Galicia por situación laboral, 2017.

Situación laboral	EPST 2017	ECRE 2017
Desempregado/a	84,8 %	93 %
Ocupado/a	15,2 %	0,5 %
Xubilado/a		6,5 %

Fontes: EPST 2017 (Enquisa a persoas sen teito. Cruz Vermella en Galicia); e ECRE 2017 (Estudo da poboación en senfogarismo atendida pola Cruz Vermella Española en Galicia).

Por outra banda, segundo a EPST 2017, o 90 % das persoas que traballaban facíano na economía mergullada. Á súa vez, unicamente un terzo das persoas en situación de desemprego estaba inscrito no Servizo Público de Emprego.

Orixe dos ingresos

Por último, descríbese ás persoas sen fogar en relación á orixe principal dos seus ingresos. Segundo a EPST 2017, a principal fonte de ingresos para o 40 % das persoas é a esmola. Máis aló desta fonte existe unha ampla diversidade, destacando as axudas á discapacidade (10,4 %), o traballo (6 %) ou o apoio familiar (6 %), entre outros¹⁷.

Perfís emerxentes

Existe unha tendencia á aparición de novos perfís, ou perfís emerxentes, entre as persoas sen fogar. Trátase de persoas cunha vida anteriormente normalizada, entre as que destacan persoas maiores cunha pensión insuficiente ou necesidades de apoio doutros/as familiares, mulleres, ou persoas cunha cualificación máis elevada. Estes perfís son en moitas ocasións a consecuencia dos duros efectos da crise económica sobre o emprego. Con iso obsérvase como a vulnerabilidade estendeuse a novos sectores sociais.


¹⁷ Hai que facer notar que estes datos hai que tomalos con precaución, o total non suma de feito o 100 %.

3.2. Saúde física, mental e patoloxía dual

A saúde, tanto física como mental, das persoas en situación de senfogarismo é un elemento de gran relevancia. En primeiro lugar, a poboación sen fogar sofre en maior medida dunha peor saúde que a poboación en xeral. Isto sucede por diversos factores, que se detallarán a continuación. En segundo lugar, os problemas de saúde física e mental da poboación sen fogar supoñen en moitas ocasións unha limitación para o seu acceso ao emprego, para as súas relacións sociais ou para a súa motivación, en definitiva, para a súa reinserción na sociedade, actuando por tanto como un factor que favorece o seu a cronicidade do senfogarismo.

Máis da metade das persoas sen fogar manifestou non padecer ningún problema de saúde (EPST, 2017). Este dato é similar ao obtido pola Enquisa a persoas sen fogar de 2012 (INE), que mostraba que o 58,5 % das persoas manifestaba ter un estado de saúde bo ou moi bo. Con todo, a porcentaxe de persoas cun estado de saúde malo ou regular é elevado. Ademais, segundo a EPST 2017 observáronse síntomas de alcoholismo, de drogadicción e de problemas de saúde mental nunha porcentaxe considerable de persoas enquisadas (Gráfico 5).

Gráfico 5. Problemas de saúde percibidos nas persoas sen fogar enquisadas, 2017.



Fontes: EPST 2017 (Enquisa a persoas sen teito. Cruz Vermella en Galicia).

Da poboación que manifesta ter algún problema de saúde, só o 26 % toma medicación para o seu tratamento (EPST, 2017). Ademais, detectáronse problemas en canto á continuidade dos coidados e unha baixa adhesión aos tratamentos. Estes factores supoñen un grave risco para o agravamento do estado de saúde. Esta realidade está influída por varios factores. As persoas sen fogar que non reciben os beneficios do sistema de protección social non están exentas de aboar a parte do copagamento dos medicamentos, o que representa un alto custo en relación cos seus ingresos. Ademais, unha elevada porcentaxe das persoas sen fogar ten un descoñecemento dos centros de atención primaria ou carece de tarxeta sanitaria (o 24,7 % da poboación española sen fogar e o 51 % da estranxeira non dispón de tarxeta). A superación destas barreiras require dun reforzo da coordinación entre os diferentes sistemas, de fórmulas flexibles de prestación de servizos, e dunha atención sociosanitaria integral adaptada á complexidade de cada persoa, que aborde a diversidade de situacións e patoloxías, así como a combinación de enfermidades mentais e trastornos aditivos.

4. As principais necesidades das persoas en situación de senfogarismo

✓	Necesidades
	▶ Existen necesidades comúns das persoas sen fogar e necesidades específicas dalgúns grupos (mulleres, inmigrantes, persoas con problemas de saúde mental etc.). ▶ A principal necesidade das persoas sen fogar é a vivenda. ▶ É necesario mellorar a cobertura e a contía das prestacións económicas, así como axilizar a súa tramitación, simplificando a súa burocracia. ▶ A diversidade e a complexidade das persoas sen fogar fai que sexa necesaria unha atención personalizada e coordinada a través de varios servizos. ▶ Protección e aceptación: Máis do 45 % das persoas en situación de senfogarismo foron vítimas dalgún delito, das cales só o 69 % denunciou os feitos á Policía. As persoas inmigrantes e as mulleres son máis vulnerables aos problemas de seguridade. ▶ Os diferentes grupos teñen necesidades específicas. Por exemplo, as persoas inmigrantes poden necesitar apoio idiomático ou regularizar a súa situación, as persoas con problemas de saúde mental e adiccións de atención socio sanitaria, ou as mulleres poden necesitar apoio específico para superar situacións de violencia de xénero ou de trata de seres humanos.

Para dar unha resposta desde as políticas hai que aproximarse ás principais necesidades das persoas en situación de senfogarismo. O senfogarismo é unha realidade poliédrica que require de necesidades en moitos ámbitos, desde as máis básicas ata o proceso de acompañamento na restauración do proxecto de vida.

4.1. Necesidades comúns das persoas que viven na rúa

Acceso a vivienda estable	Atención á saúde	Atención integral e personalizada	Recursos e prestacións económicas	Regularizar situación administrativa para acceder ás prestacións
Educación	Compañía e redes de apoio	Seguridade	Inclusión dixital	Integración social e non discriminación

A principal necesidade das persoas que viven na rúa é o **acceso a unha vivenda con carácter estable**. Isto enlaza co enfoque de políticas centradas na vivenda e co obxectivo último de erradicar o senfogarismo.

Máis aló desta necesidade central, existen outras que merecen atención. No terreo da **saúde**, é importante mencionar que a situación na rúa xera problemas de nutrición, hixiene e saúde mental, así como unha baixa adhesión aos tratamentos, polo que agudizan algunhas patoloxías, xerando unha tendencia de cronificación e deterioración. Por iso, son necesarios servizos de atención sociosanitaria que se acheguen ás persoas sen fogar e melloren o seu acceso. E son especialmente necesarios nas sete cidades con máis presenza de persoas en situación de senfogarismo¹⁸. Ademais, os servizos sanitarios deben atender ás circunstancias singulares nas que se atopan as persoas sen fogar, especialmente no seu nivel primario. Tamén é importante facilitar a disposición da tarxeta sanitaria ás persoas sen fogar para mellorar o seu acceso aos servizos de saúde.

As persoas sen fogar necesitan unha **atención integral e personalizada**, que combine a intervención de distintos servizos, como o sanitario, servizos sociais, servizos de emprego e apoios complementarios en función do seu perfil (por exemplo, cursos nas linguas cooficiais). Por iso, é importante mellorar a coordinación entre os diferentes servizos que atenden as persoas sen fogar, así como establecer un/unha profesional de referencia, para organizar unha resposta interdepartamental personalizada e facilitar a comunicación coa persoa. Esta atención debe ter en conta os frecuentes problemas de desmotivación e de baixa autoestima, incluído por tanto o apoio emocional necesario.

Máis aló da coordinación, é tamén importante **reforzar os recursos**, en servizos como os sociais e os de atención sanitaria, para ofrecer unha atención máis personalizada e para reforzar o seguimento dos casos e con iso evitar a cronificación.

En relación co apoio aos ingresos das persoas en situación de vulnerabilidade económica, convén considerar o aumento das contías para **mellorar a cobertura** das necesidades básicas e axilizar a tramitación, especialmente das axudas de urxencia, así como facilitar os requisitos de acceso, mellorar a información e simplificar os trámites. Por outra banda, tamén no terreo administrativo, é necesario facilitar e **axilizar o empadramento** das persoas sen fogar, dado que é un trámite requirido para o acceso a múltiples servizos, incluídas as axudas de carácter monetario.

¹⁸ Vigo, 39 %; A Coruña, 24 %; Santiago, 11 %; Lugo, 9 %; Pontevedra, 6 %; Ferrol, 6 %; Ourense, 5 %.

As persoas sen fogar teñen de media un baixo nivel de formación, polo que a **educación** é unha necesidade para unha alta porcentaxe de persoas para mellorar a súa capacidade de acceder a un emprego.

Como se viu anteriormente, unha das causas do senfogarismo é a falta de redes de apoio social e familiar. Por iso é frecuente que as persoas sen fogar se sintan soas e teñan necesidades de **compañía e de crear redes de apoio**.


Outra necesidade importante das persoas sen fogar é a **seguridade**. O 46,5 % das persoas enquisadas pola EPST 2017 foi vítima dalgún delito (roubo, agresión, agresión sexual etc.). Destas persoas, só o 69 % denunciou estes feitos á policía.

Por outra banda, tamén existe unha necesidade de apoio para a **inclusión dixital**, especialmente tendo en conta que os medios telemáticos son cada vez máis importantes para relacionarse coa Administración pública. Neste sentido, son tamén necesarios espazos para o acceso a medios dixitais, combinados con apoio específico para o seu uso.

Tamén é necesario un cambio de actitude da sociedade en xeral cara ás persoas sen fogar, mesmo en parte do persoal que proporciona os servizos públicos, dado que nalgúns casos se senten a miúdo estigmatizadas e rexeitadas. É dicir, existe unha necesidade de **sensibilización**, especialmente no terreo educativo, en parte do persoal que proporciona os servizos públicos e na poboación xeral, a través, por exemplo, dos medios de comunicación.

Por último, desde unha perspectiva preventiva tamén é necesario prestarlle atención ao chamado **senfogarismo oculto**, ou ás persoas que residen de maneira precaria en vivendas de familiares ou amizades cun grave risco de chegar a unha situación de senfogarismo.

Necesidades específicas



Ademais das necesidades que poden resultar comúns á maioría das persoas sen fogar, existen outro tipo de necesidades que son especialmente relevantes para algúns perfís concretos.

Persoas desinstitucionalizadas

As persoas desinstitucionalizadas teñen un risco elevado de caer no senfogarismo ao verse desorientadas, sen recursos, vivenda, emprego ou redes de apoio social ou familiar. Estímase que o 14 % das persoas sen fogar residiran nunha institución antes de chegar á situación de senfogarismo¹⁹. As circunstancias, como as necesidades concretas, varían segundo o perfil, como sucede no caso das persoas **menores tuteladas que cumpren 18 anos ou das persoas que saen de prisión**. En todos estes casos é necesaria unha atención e un apoio personalizado no proceso de tránsito dunha desinstitucionalización a unha situación de normalización e inclusión que evite pasar por unha situación de senfogarismo.

Familias en situación de senfogarismo

Un caso especial é o das familias en situación de senfogarismo que non están en disposición de atender os seus fillos e/ou fillas menores e a miúdo son separadas destes/as mediante procesos de tutela, creando unha experiencia traumática. Por iso, antes de chegar a esta situación, necesitan **aloxamentos adaptados**, así como recursos específicos orientados a lle dar resposta á **familia como unidade** e non como a individuos.

Persoas migrantes

As persoas inmigrantes sen fogar teñen un conxunto de necesidades específicas. Nalgúns casos posiblemente a máis importante sexa a **barreira idiomática**, ao supoñer unha gran dificultade para relacionarse coa sociedade, acceder ao emprego e realizar trámites administrativos. O acceso aos servizos, ademais, en ocasións vese entorpecido por barreiras na comunicación intercultural²⁰.

Á súa vez, alcanzar unha **situación administrativa** regular é outra necesidade moi importante para estas persoas, para evitar riscos como a deportación ou ser internados nun CIE. Por iso moitas persoas inmigrantes sen fogar en situación irregular manifestan un temor para relacionarse coa Administración. Ademais, o dereito de residencia en España é necesario para acceder a múltiples servizos, tanto públicos como privados, e para ter pleno dereito ao traballo. Por iso, este factor é en si mesmo unha causa do senfogarismo²¹.

¹⁹ Fonte: EPST 2017.

²⁰ Fonte: Entrevistas a responsables de programas de atención a persoas sen fogar, 2017. Xunta de Galicia, Estudo da situación das persoas sen fogar en Galicia, 2017.

²¹ Fonte: EPST 2017.

Por outra banda, algunhas persoas inmigrantes sen fogar teñen en ocasións maiores problemas en materia de seguridade, derivados de redes de delincuencia e mafias, incluídas as redes de prostitución. Por esta serie de razóns, a miúdo as persoas inmigrantes sen fogar necesitan de recursos de profesionais especializados.

Saúde mental e adiccións

Moitas persoas sen fogar sofren problemas de **saúde mental e de adiccións** ás drogas ou ao alcol. Estas situacións xustifican a necesidade de reforzar o acceso á atención **sociosanitaria**, así como da adaptación dos recursos sanitarios e da coordinación de diversos profesionais de atención sociosanitaria para ofrecer unha resposta integral e coordinada. Dada a gravidade e a complexidade destes casos, esta resposta pode ser articulada mediante políticas centradas na vivenda, como o enfoque housing first.

O senfogarismo desde a perspectiva de xénero

Como se viu anteriormente, o senfogarismo é un fenómeno masculinizado, a maior parte das persoas que o sofren son homes. É importante resaltar que cando se estuda o senfogarismo desde a perspectiva de xénero identificáronse determinados trazos que configuran as experiencias de exclusión residencial grave das mulleres. Así, un dos aspectos clave identificados é que, entre as mulleres, este fenómeno adopta un carácter **oculto**. O senfogarismo oculto é unha forma específica que alude a que as mulleres, polas súas atribucións de xénero, acceden a outras formas de aloxamento distintas ás dos homes, desenvolvendo estratexias alternativas para evitar espazos percibidos como especialmente hostís. O feito de que nos dispositivos de atención ás persoas sen fogar haxa presenza maioritaria de homes, sumada á escasa adaptación ás necesidades específicas das mulleres ou o feito de que durmir na rúa, entraña maior perigo e un maior estigma social para as mulleres; sendo algúns dos factores subxacentes a este senfogarismo oculto.

Desta maneira optan por estratexias que lles permiten sobrevivir a esta situación: residen de maneira precaria en vivendas de familiares ou amigas, comparten piso, convértense en traballadoras domésticas internas ou traballadoras sexuais. Todas elas, estratexias condicionadas polos roles de xénero.

É de sinalar a tendencia crecente ao senfogarismo entre mulleres, así como unha serie de necesidades específicas das mulleres sen fogar, derivadas dunha traxectoria ao senfogarismo a miúdo diferente. Entre estas necesidades atópanse nalgúns casos as secuelas de ser **vítimas de violencia de xénero**, os procesos de **desestruturación familiar**, ou verse inmersas en redes de

prostitución, incluída a **trata** de seres humanos²². Estas problemáticas necesitan dunha actuación específica e coordinada entre diversos servizos públicos, incluíndo a participación dos corpos e forzas de seguridade do Estado. Por outra banda, as mulleres sen fogar poden sufrir dun estigma diferente, derivando en necesidades de **apoio emocional** específicas.

5. A resposta institucional: centros e recursos para as persoas sen fogar en Galicia

	A resposta institucional
	▶ En Galicia existen un total de 60 centros de atención a persoas sen fogar. Case a metade deles son centros de acollida (21) ou albergues/centros de acollida nocturnos (8), seguidos por comedores sociais (9). ▶ A maioría dos centros ofrecen diversos servizos. Por exemplo, o 83,3 % dos centros ofrecen servizos de restauración. ▶ A valoración dos servizos por parte das persoas usuarias é en xeral positiva. Case tres cuartas partes das usuarias ten unha valoración dos servizos boa ou moi boa. ▶ En opinión do persoal técnico, a dotación dos recursos é insuficiente para atender a unha demanda crecente e cada vez máis diversa e complexa, xerando unha situación de saturación.

5.1. Referencia aos centros e servizos para persoas sen fogar en Galicia

A fonte máis importante neste campo é a Enquisa sobre centros e servizos de atención a persoas sen fogar, publicada polo Instituto Nacional de Estatística con carácter bianual. A edición máis recente foi publicada en setembro de 2017 con datos correspondentes a 2016. En base a esta fonte realízase unha panorámica xeral dos centros para persoas sen fogar en Galicia, seguida por unha descrición dos recursos dos centros. É importante ter en conta que esta información non se atopa actualizada e, por tanto, a data de hoxe é posible que a situación

²² Fonte: Entrevistas a responsables de programas de atención a persoas sen fogar, 2017. Xunta de Galicia, Estudo da situación das persoas sen fogar en Galicia, 2017.

cambiase. Segundo o INE, en Galicia **existen un total de 60 centros de atención a persoas sen fogar** (Táboa 8).

Táboa 8. Centros segundo actividade principal do centro, Galicia, datos de 2016.

Actividade principal do centro	Centros	Porcentaxe
Albergue/Centro de acollida nocturno	8	13,3
Centro de acollida	21	35,0
Piso/apartamento de acollida inmediata	2	3,3
Piso/apartamento de acollida temporal	7	11,7
Piso/apartamento de inserción social	3	5,0
Residencia	1	1,7
Comedor social	9	15,0
Centro de día/Taller ocupacional	4	6,7
Outro	5	8,3
TOTAL DE CENTROS	60	100,0

Fonte: Enquisa sobre centros e servizos de atención a persoas sen fogar, INE. 2016.

Case a metade deles son centros de acollida (21) ou albergues/centros de acollida nocturnos (8), seguidos por comedores sociais (9). Con todo, a pesar desta clasificación, observamos que a maioría dos centros ofrecen diversos servizos. Por exemplo, aínda que só un 15 % dos centros son comedores sociais, o 83,3 % dos centros ofrecen **servizos de restauración**. Á súa vez, case dous terzos (68,3 %) dos centros ofrecen servizos de aloxamento, e algo máis da metade (53,3 %) orientación profesional. A maioría dos centros ofrecen tamén servizos de aseo persoal, lavandería, e atención e acompañamento social (Táboa 9).

Táboa 9. Centros segundo servizos e/ou prestacións ofrecidas polo centro, Galicia, datos de 2016²³

Servizos e/ou prestacións	Centros	Porcentaxe
Información e acollida	53	88,3
Orientación e/ou derivación	50	83,3
Aloxamento	41	68,3
Programa Housing First	.	.

²³ Hai que ter en conta que son datos referidos a 2016.

Servizos e/ou prestacións	Centros	Porcentaxe
Restauración (alimentación)	50	83,3
Orientación profesional	32	53,3
Taller ocupacional	12	20,0
Taller de inserción	11	18,3
Educación de adultos/Formación no idioma	10	16,7
Aseo persoal	48	80,0
Lavandería	38	63,3
Actividades artísticas/culturais/lecer	26	43,3
Atención sanitaria	17	28,3
Atención psicolóxica	25	41,7
Asistencia xurídica	22	36,7
Atención e acompañamento social	44	73,3
Roupeiro	33	55,0
Gardería/Ludoteca	4	6,7
Intervención na rúa	5	8,3
Acceso a Internet	24	40,0
Outras	1	1,7
TOTAL DE CENTROS	60	100

Fonte: Enquisa sobre centros e servizos de atención a persoas sen fogar, INE. 2016

Por outra banda, o 40 % dos centros atende situacións específicas, como a adicción ás drogas, ao alcol, os trastornos mentais, a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero ou de trata/prostitución, ademais de asuntos relacionados coa inmigración ou a solicitude de protección internacional. Non existen centros que atendan necesidades de perfís específicos como as persoas excarceradas ou a maioría de idade de menores acollidos nun centro (Táboa 10).

Respecto da seguridade, a maior parte dos centros (50 centros, un 83,3 %) non dispón de servizo de seguridade.

Táboa 10. Centros por situacións específicas de atención, Galicia, 2017

Situacións específicas de atención	Centros	Porcentaxe
Non atende situacións específicas	36	60,0
Excarceración/Réxime penal	.	.
Adicción ás drogas	6	10,0
Adicción ao alcol	4	6,7
Inmigración/Solicitud de protección internacional	5	8,3
Mulleres vítimas de violencia de xénero	8	13,3
Mulleres vítimas de trata/prostitución	4	6,7
Maioría de idade de menores acollidos en centros	.	.
Trastorno mental	3	5,0
Infección de VIH	3	5,0
Outros	1	1,7
TOTAL DE CENTROS	60	100,0

Fonte: Enquisa sobre centros e servizos de atención a persoas sen fogar, INE.

Segundo a Enquisa sobre centros e servizos de atención a persoas sen fogar, INE, o gasto medio por centro é de 223 553 euros ao ano. O financiamento dos centros é maioritariamente público (45 centros, un 75 % do total). O 25 % restante é financiado con fondos propios (11 centros, un 18,3 % do total), con doazóns particulares (3 centros, un 5 % do total) ou carecen dunha fonte de financiamento predominante (1 centro, 1,7 % do total). Respecto do persoal, os centros contan cun total de 1 526 persoas, 1 086 contratadas e 440 voluntarias (28,8 %). Das traballadoras, un 30,9 %, 336 persoas, contan cun contrato indefinido. En canto á dedicación do persoal, o 60 % é a tempo completo e o 40 % a tempo parcial. A continuación, móstranse datos sobre os recursos dos centros por tipo de servizo:

- ▶ O número total de prazas de aloxamento ofertadas é de 950, cunha ocupación media do 84 %.
- ▶ O número medio de prazas de comedor é de 1 572. Estes centros serviron un número medio de 725 almorzos, 1 509 comidas e 664 ceas.
- ▶ O número medio de prazas existentes en centros que ofrecen servizos ocupacionais e/ou educativos foi de 694, cunha ocupación media do 80 %.

5.2. Uso e valoración dos servizos por parte das persoas sen fogar

Uso dos servizos

Segundo a EPST 2017, os servizos máis usados son os comedores e centros de acollida, por aproximadamente dúas de cada tres persoas sen fogar. A continuación, atópanse servizos como os armarios, os baños públicos ou os centros de día (Táboa 11).

Táboa 11. Servizos que as persoas sen fogar utilizan habitualmente, en porcentaxe, 2017.


Servizos	Porcentaxe de persoas usuarias
Comedores sociais	63,8 %
Albergues/centros de acollida	63,8 %
Armarios	31,9 %
Baños públicos	25,5 %
Centros de día	12,8 %
Talleres de inserción laboral	4,3 %
Pisos protexidos	2,1 %
Outros	19,1 %

Fonte: EPST 2017.

Valoración dos servizos

A valoración dos servizos por parte das persoas **usuarias** é en xeral positiva. Case tres cuartas partes delas teñen unha valoración dos servizos boa ou moi boa. En cambio, só un 16,1 % ten unha valoración mala ou moi mala.

Gráfico 6. Valoración dos servizos utilizados polas persoas sen fogar, 2017.



Fonte: EPST 2017.

Estas valoracións complementáanse coa **perspectiva do persoal técnico** de entidades locais e entidades de iniciativa social con programas de inclusión social e, especificamente, de atención a persoas sen fogar²⁴. Na opinión destes/as profesionais, a dotación dos recursos é insuficiente para atender a unha demanda crecente e cada vez máis diversa e complexa, xerando unha situación de saturación que redunda nun empeoramento da atención. Esta situación xera, por exemplo, unha falta de seguimento e unha deterioración nos albergues, derivando na cronicidade do senfogarismo. Ademais, subliñouse unha carencia específica de recursos nos albergues dirixidos a mulleres sen fogar. Tamén se chamou a atención sobre a necesidade de mellorar a cobertura do sistema de saúde para responder aos problemas específicos da poboación sen fogar e adaptar a atención, con especial atención á saúde mental.

5.3. Investimento da Consellería de Política Social en políticas de atención ao senfogarismo

	O orzamento da Consellería de Política Social
	▶ O importe destinado á atención ao senfogarismo en 2018 superou os 9 millóns de euros, consignados nos orzamentos da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. ▶ Dous quintos do orzamento investido en recursos de atención ao senfogarismo no ano 2018 pola Xunta de Galicia foi destinado aos centros de atención. ▶ Máis dun 30 % do orzamento correspóndese co importe total da Renda de inclusión social de Galicia que perciben as persoas sen vivenda. ▶ No ámbito da área de vivenda, o apoio económico ás familias en situación de desafiuzamento é a principal política.

O **orzamento da Consellería de Política Social** para a atención ao senfogarismo en 2018 superou os 9 millóns de euros, como se detalla a continuación.

²⁴ Resultado das mesas temáticas do Seminario sobre senfogarismo en Galicia, que tivo lugar en Santiago de Compostela o 28 de novembro de 2017.

Táboa 12. Orzamento investido en políticas de atención ao senfogarismo no ano 2018.

Departamento	Concepto	Orzamento	Porcentaxe
Consellería de Política Social	Renda de inclusión social de Galicia-RISGA	3 159 844	33,78%
	Axudas de inclusión social- AIS	126 952	1,36%
	Programas dirixidos a persoas sen fogar subvencionados pola convocatoria de IRPF e axudas materiais ⁽²⁾	1 301 611	13,92%
	⁽¹⁾ Financiamento a dous concellos de gastos de persoal en albergues municipais	134 311	1,44%
	⁽¹⁾ Funcionamento de centros de inclusión e de emerxencia social titularidade privada (entidades de iniciativa social)	1 868 212	19,97%
	^{(1) e (2)} Liña de axudas a entidades de iniciativa social para a atención de necesidades básicas	442 337	4,73%
	Programa Reconduce (persoas en risco de desafiuzamento)	600 000	6,41%
	⁽¹⁾ Subvención para reformas de centros de inclusión e emerxencia social cuxa titularidade é de entidades locais	47 972	0,51%
	⁽¹⁾ Subvención para reformas de centros de inclusión e emerxencia social cuxa titularidade é de entidades de iniciativa social	1 084 339	11,59%
	⁽¹⁾ Subvencións a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas específicos de inserción sociolaboral con persoas sen fogar	134 455	1,44%
	Convenio con Cruz Vermella para desenvolvemento de Programa de persoas sen teito	165 950	1,77%
	Convenio con Proxecto Home	153 846	1,64%
	Convenio con Irmáns Misioneiros dos Enfermos Pobres	133 333	1,43%
	TOTAL	9 353 162	100,00%

Fonte: Xunta de Galicia. (1) Actuacións financiadas a través de convocatorias de subvencións de carácter plurianual, de concorrencia competitiva, dirixidas ás entidades locais e ás entidades de iniciativa social cofinanciadas polo Fondo Social Europeo-FSE, salvo as de construción ou reformas de centros de inclusión e emerxencia social, que están cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional-FEDER. (2) Axudas de roupa, alimentación, aveños, achegas económicas para mantemento de vivenda, apoio a gastos sanitarios e servizo de atención na rúa.

O groso deste orzamento vai orientado ao funcionamento dos centros de titularidade pública e privada (case un quinto do orzamento respectivamente), así como á Renda de inclusión social de Galicia (33,78 %). Con carácter preventivo, inclúese unha liña de apoio económico a familias en situación de desafiuzamento, que se concreta no Programa Reconduce.

III. DESENVOLVEMENTO DO PLAN

1. Obxectivo do plan

O Plan de Atención a Persoas sen Fogar de Galicia ten como obxectivo:

Aumentar o impacto das políticas de atención ao senfogarismo e orientalas a súa eliminación, a través dun marco específico, estratéxico e coherente que combine respostas adaptadas ás persoas en clave preventiva e de atención ás carencias habitacionais e de acompañamento.

2. Marco competencial e de referencia

De acordo coa Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a atribución de competencias ás administracións públicas de Galicia en materia de servizos sociais, estrutúrase en dous niveis: Xunta de Galicia e entidades locais, que haberán de actuar conforme aos principios de coordinación e cooperación.

Segundo a devandita lei, entre outras, son competencias da Xunta de Galicia (art. 59):

- b) A planificación e programación xeral dos servizos sociais no ámbito territorial de Galicia mediante a elaboración do Plan estratéxico de servizos sociais e os plans e programas sectoriais.*
- h) A supervisión e avaliación da calidade na prestación dos servizos sociais establecendo mecanismos de control obxectivo e continuo dos mesmos.*
- i) A creación, mantemento e xestión dos servizos sociais especializados, así como dos centros e programas dos servizos sociais comunitarios específicos que, pola súa natureza, ámbito supramunicipal ou outras circunstancias, debidamente xustificadas no marco do Plan estratéxico de servizos sociais, asuma a Xunta de Galicia.*

E dos concellos (art. 60.1, apartados a e b), entre outras:

- a) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.*
- b) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59º i).*

Respecto ás entidades de iniciativa social, a Lei 13/2008 establece que os poderes públicos fomentarán os servizos das ditas entidades (art. 31), as cales teñen carácter complementario:

1. O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, a súa complementariedade...

2. Por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social.

En canto á normativa estatal, a Lei 7/1985, de bases de réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, atribúe aos municipios “en todo caso como competencias propias” en materia de servizos sociais (artigo 25.2.e):

e) Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

No ámbito autonómico, a nivel regulamentario, o Decreto 99/2012²⁵, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios, establece que no marco do establecido no artigo 13 da Lei 13/2008, son funcións propias dos servizos sociais comunitarios específicos (art. 26) as seguintes:

a) A xestión de centros de inclusión e emerxencia social tipificados regulamentariamente, tales como albergues, centros de acollida, comedores sociais, centros de atención continuada e centros de día de inclusión social.

b) A xestión de programas enfocados á prevención e á atención de persoas en risco de exclusión mediante equipos de inclusión sociolaboral e proxectos específicos enfocados, entre outros, a persoas perceptoras de rendas mínimas de inserción, persoas sen fogar, inmigrantes, emigrantes retornados, comunidade xitana e outras minorías socialmente vulnerables.

Ademais, cómpre ter en conta a Lei 10/2013²⁶, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, e o Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión, así como o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

²⁵ Modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro, o Decreto 148/2014, do 6 de novembro, e a Orde do 31-5-2016 (anexo III.A).

²⁶ Desenvolvida polo Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social.



O Plan de Atención ás Persoas sen Fogar en Galicia, por outra parte, atopa os seus marcos de referencia na Estratexia nacional integral para persoas sen fogar 2015-2020²⁷, a Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020²⁸ e a Axenda social única de Galicia.

3. Ámbito territorial

O plan de atención terá como ámbito territorial a Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, cabe a aplicación dalgunha das medidas dirixidas á poboación sen fogar que

²⁷ Os cinco obxectivos da Estratexia nacional son: Prevención do senfogarismo, Sensibilización da sociedade e defensa contra a discriminación e os delitos de odio dirixidos ás persoas sen fogar, Garantir a seguridade de vida das persoas sen fogar, Restaurar o proxecto de vida, e Reforzar o sistema público de atención ás persoas sen fogar e mellorar o coñecemento, o intercambio de información e a avaliación.


²⁸ O obxectivo 5 da prioridade sectorial 7.2.2 (Atender de xeito específico os factores de inclusión que presentan determinadas persoas ou grupos vulnerables para lograr a súa plena inclusión social) da EIS Galicia 2014-2020 é: Ofertar unha intervención especializada para atender ás necesidades das persoas sen fogar.

comprende o documento unicamente en áreas urbanas de máis de 50 000 habitantes, por seren estas as de maior volume de persoas nesta situación.

4. Persoas destinatarias

O Plan de atención ás persoas sen fogar ten como obxectivo a abordaxe da exclusión residencial en Galicia, nomeadamente aquela de carácter máis grave. Conceptualmente o plan atende á tipoloxía europea de exclusión residencial (ETHOS), que distingue diferentes perfís agrupados en catro categorías (ver respecto diso a Táboa 1. Clasificación europea de senfogarismo e a exclusión residencial, ETHOS).

O plan centrarase especialmente na atención das persoas nas situacións referidas nas tipoloxías A e B ou de exclusión social e residencial máis extrema. Con todo, a cuestión preventiva e as respostas para facilitar o acceso á vivenda son áreas clave do plan e están tamén dirixidas ás persoas que se atopen nas situacións das tipoloxías C e D relacionadas.



5. Vixencia do plan

O Plan de Atención ás persoas sen fogar en Galicia desenvolverase no período 2019-2023.

6. Enfoque e principios do plan

Para a elaboración do Plan de Atención ás persoas sen fogar en Galicia se parte e tomou como referencia o diagnóstico realizado da situación do fenómeno do senfogarismo en Galicia.

Así mesmo o plan hase de contextualizar dentro do panorama español e ten en conta e recolle as tendencias que se están dando en Europa á hora de abordar este fenómeno. Todo iso sen esquecer que o Plan de Atención propónse alcanzar uns obxectivos a medio prazo que resulten realistas e posibiliten, tanto a mellora do que xa existe e funciona, como o cambio cara a modelos máis coordinados con responsabilidades compartidas que permitan cambios máis estruturais.

A combinación e o equilibrio entre o modelo de intervención actual e o desenvolvemento de novos modelos é un dos principais obxectivos deste plan para seguir avanzando na loita contra o fenómeno do senfogarismo.

Neste sentido, os principios sobre os que se asenta defínense en dous planos diferentes: o primeiro de carácter máis conceptual, e o segundo relacionado co enfoque institucional.

PRINCIPIOS DE ORIENTACIÓN ESTRATÉXICA E CONCEPTUAL

Enfoque de Dereitos

Orientado á vivenda

Modelo centrado nas
persoas

Con perspectiva de
xénero

- ▶ O **ENFOQUE DE DEREITOS**, fundamentado nos Dereitos Humanos, establécese como marco conceptual co fin de orientar este Plan de Atención e as accións recollidas nel. Hase de materializar necesariamente en superar os atrancos que existen para que as persoas sen fogar poidan acceder e exercer os seus dereitos, tanto no que se refire á vivenda como os dereitos á saúde, a garantía de ingresos ou os servizos sociais; como se contempla na normativa referida á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia ou a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia. Trátase, así mesmo, de avanzar no dobre dereito: dereito á vivenda e dereito ao acompañamento e apoios para a autonomía, a calidade de vida e a inclusión social.
- ▶ Un modelo **ORIENTADO Á VIVENDA** implica un cambio de paradigma na orientación das políticas para poñer o foco na vivenda. Baixo a concepción de que tendo acceso a unha vivenda, a persoa ten acceso a outros dereitos como poden ser a seguridade, a intimidade, a saúde, e o sentido de pertenza; sendo o fin último o *acceso á cidadanía plena*. As políticas

baseadas en modelos *housing led*, como é a metodoloxía *housing first*, demostran unha maior eficacia na loita fronte ao senfogarismo; por iso é polo que ese enfoque comeza a ser a orientación maioritaria en Europa. Con todo, un dos aspectos clave é que a provisión de vivenda ten que ir acompañada dunha intervención integral centrada nas persoas, intensa, personalizada, que permita á persoa desenvolverse de maneira autónoma na vivenda. En consecuencia, expónse o dobre reto de articular unha política de vivenda inclusiva desde este enfoque, e adaptar e reforzar os servizos sociais para dar resposta a esta necesidade. Neste sentido o plan expón unha implantación progresiva do método *housing first*, en paralelo co conxunto plural dos outros recursos, e potencia o acompañamento psicosocial e socioeducativo desde o ámbito dos servizos sociais.

- ▶ A aplicación do modelo **CENTRADO NAS PERSOAS** require o recoñecemento da capacidade de autodeterminación das persoas sen fogar, concedéndolles un rol activo nas súas propias decisións e promóvese o seu propio proceso de cambio ou de mellora. Este modelo implica implantar medidas que individualicen a atención e fomenten a autonomía, ademais de garantir que as persoas coñezan e exerzan os seus dereitos. Comporta mellorar e adaptar os recursos e servizos prestados con metodoloxías de activación inclusivas para as diferentes realidades e necesidades nas que se atopan as persoas sen fogar. Desde o punto de vista institucional, o modelo centrado nas persoas leva consigo un cambio na forma en que se aborda a intervención para dotala de integralidade, evitando solapamentos e xerando vínculos coa persoa sen fogar, que ten unha persoa de referencia que a acompaña no seu itinerario.
- ▶ Un plan con **PERSPECTIVA DE XÉNERO** destinado a visibilizar a exclusión residencial que sofren as mulleres no ámbito privado, ofertar solucións ás situacións de precariedade habitacional ás que están expostas e adoptar medidas específicas orientadas a previr a violencia estrutural que sofren por seren mulleres. Por outro lado, considérase a adaptación dos recursos e a intervención ás necesidades específicas das mulleres, ao que se suma a interseccionalidade do xénero coa situación de migrante, o racismo e/ou a discapacidade como factores que leva á dobre discriminación.

Ademais, os enfoques, modelo e perspectiva deben ir acompañados e orientados a unha serie de principios:

Participación	Mellora do coñecemento	Cooperación interadministrativa	Corresponsabilidade e coordinación
---------------	------------------------	---------------------------------	------------------------------------

- ▶ A **PARTICIPACIÓN**. En tanto que falamos dun modelo centrado nas persoas, é imprescindible promover procesos participativos das propias persoas que se atopan sen fogar. A figura do

“peer worker” é decisiva para conectar con aquelas persoas máis afastadas dos servizos sociais e dos recursos existentes. Os/as pares considéranse actores/actrices clave no proceso de intervención pola proximidade que exercen e a capacidade de vincular ás persoas aos procesos de participación, recuperación e actuación dentro do seu propio proceso vital.

- ▶ A **MELLORA DO COÑECEMENTO**. Para seguir avanzando na loita contra o fenómeno do senfogarismo é imprescindible a reflexión, a aprendizaxe e o incremento do coñecemento a través de estudos específicos e recontos anuais, así como avaliacións, ofrecendo resultados baseados na evidencia.
- ▶ A **COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA** entre as diferentes áreas das distintas administracións públicas, partindo do feito de que o senfogarismo é un fenómeno multidimensional que esixe unha abordaxe do problema cunha intervención desde diferentes dimensións: vivenda, servizos sociais, saúde etc.
- ▶ A **CORRESPONSABILIDADE** e a **COORDINACIÓN** entre todos os axentes implicados na mesma liña anterior, pois o senfogarismo deixou de ser una responsabilidade das persoas para ser responsabilidade da sociedade.

7. Formulación do plan: eixes e estrutura

Deseño participado

A formulación do plan parte do Estudo da situación das persoas sen fogar en Galicia. Boa parte das propostas para o futuro plan de atención, formuladas no 2017 e recollidas neste documento, incorpóranse ao **Informe sobre as liñas estratéxicas do Plan de Atención ás persoas sen fogar en Galicia 2019-2023**. Este informe presentouse ao Consello da Xunta de Galicia o 4 de abril do 2019.


Con posterioridade, en maio do 2019, o dito informe foi presentado no marco do **Seminario de consulta no proceso de elaboración do plan**, no que se debateu sobre as medidas clave deste coa participación de entidades locais, entidades de iniciativa social e colexios profesionais do eido dos servizos sociais; e abriuse un **período de Información pública**, a través da web da Consellería de Política Social. Concluído este período, analizáronse as achegas recibidas que, nalgúns casos, supuxeron axustes ou novas medidas incorporadas ao documento final.

Eixes e estrutura

O plan estrutúrase en seis eixes de diferente natureza e orientación:

- ▶ **Dous eixes específicos, centrados en atender as necesidades das persoas en situación de senfogarismo nas que se conxugan factores de risco.** Neste sentido, trátase dunha formulación baseada no enfoque centrado nas persoas. Un dos eixes céntrase en previr as situacións de risco, e o outro, enfócase á protección e garantía de acceso e cumprimento dos seus dereitos, así como en apoiar as persoas na reconstrución do seu proxecto vital.
- ▶ **Dous eixes transversais, relacionados coa resposta institucional, desde as políticas públicas.** O primeiro, referido á adaptación e mellora da rede de recursos e servizos que de maneira máis específica atenden as persoas sen fogar. E o segundo, no que respecta á política de vivenda, atendendo e promovendo un enfoque centrado na vivenda, así como impulsando accións destinadas a facilitar o acceso e o mantemento dos perfís máis vulnerables.

Por último, **outros dous eixes transversais que se dirixen á integración social, a sensibilización e ao coñecemento e a cooperación.** A súa incorporación fundaméntase na necesidade de coñecer, achegar e visualizar a realidade das persoas sen fogar á sociedade no seu conxunto e a determinados sectores clave, como condición indispensable para acadar o cambio desde unha dobre vertente: o achegamento e a conciencia social, e a innovación e a intervención eficaz.



8. Obxectivos específicos e medidas

Tal e como recolle o apartado anterior, o plan vértase en seis eixes que articulan un total de 22 obxectivos específicos e 108 medidas. No seguinte cadro recóllese a distribución:

EIXE	Nº obxectivos	Nº medidas
Prevención	4	18
Protección e reconstrución do proxecto vital	5	30
Adaptación dos recursos, mellora dos servizos	3	15
Enfoque inclusivo da vivenda	3	20
Sensibilización, loita fronte á discriminación e delitos de odio	3	12
Coñecemento, innovación e colaboración	4	13
TOTAL	22	108

Para cada unha destas medidas indícase quen, no ámbito público, asume a responsabilidade ou corresponsabilidade do seu desenvolvemento, así como se este require da colaboración doutros axentes, como son as entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais.

En concreto, a distribución dos obxectivos por eixes é a seguinte:

EIXE 1. Prevención	EIXE 2. Protección e Reconstrución
• O.E. 1. Detectar de forma temperá as situacións de risco de senfogarismo. • O.E. 2. Garantir a atención ás persoas e familias en situación de risco de perda da vivenda habitual por non pagamento das cotas da hipoteca ou alugueiro. • O.E. 3. Previr o senfogarismo das persoas internas en institucións cuxa alta ou saída está próxima e carecen de vivenda alternativa e/ou rede de apoio. • O.E. 4. Promover a inclusión residencial das persoas percetoras da RISGA e de axudas de inclusión social.	• O.E. 5. Asegurar que ningunha persoa se vexa obrigada a durmir á intemperie debido á falta de servizos de emerxencia e protección. • O.E. 6. Garantir que as persoas en situación de senfogarismo coñecen e exercen os seus dereitos. • O.E. 7. Implementar o enfoque centrado nas persoas, individualizando a atención e empoderándoas para que sexan elas as que tomen as decisións da súa propia vida. • O.E. 8. Fomentar a autonomía, a activación e a empregabilidade, condicións necesarias para a reconstrución do proxecto vital. • O.E. 9. Promover a inclusión e a participación activa das persoas sen fogar na vida comunitaria.

EIXE 3. Adaptación dos recursos, mellora dos servizos

- O.E. 10. Continuar un proceso de mellora cualitativa dos recursos de atención ás persoas sen fogar.
- O.E. 11. Adaptar e mellorar os servizos de saúde ás necesidades das persoas en situación de senfogarismo promovendo o acceso a estes.
- O.E. 12. Garantir a implementación dun enfoque de xénero na atención do senfogarismo que evite a invisibilización das mulleres sen fogar.

EIXE 4. Enfoque inclusivo da vivenda

- O.E. 13. Desenvolver un enfoque centrado na vivenda fronte ao senfogarismo que asegure un aloxamento estable e apoiado desde o ámbito social.
- O.E. 14. Impulsar a creación dunha rede de vivendas de inserción social que incorporen servizos integrais de apoio á inclusión sociolaboral.
- O.E. 15. Impulsar unha política de vivenda no ámbito do acceso e mantemento na vivenda e a rehabilitación que preste especial atención aos perfís en situación ou en risco de senfogarismo.

EIXE 5. Sensibilización, loita fronte á discriminación e os delitos de odio

- O.E. 16. Sensibilizar, formar e fomentar o coñecemento da cidadanía sobre o senfogarismo e os dereitos das persoas sen fogar.
- O.E. 17. Achegar á comunidade educativa o coñecemento sobre senfogarismo.
- O.E. 18. Aumentar o número de vítimas en situación de senfogarismo que denuncian actos de violencia e odio que sofren.

EIXE 6. Coñecemento, innovación e colaboración

- O.E. 19. Impulsar as accións dirixidas a aumentar o coñecemento sobre o senfogarismo en Galicia.
- O.E. 20. Promover espazos de divulgación e intercambio de coñecemento técnico sobre senfogarismo en Galicia.
- O.E. 21. Mellorar os sistemas e a xestión da información relativa ás persoas en situación de senfogarismo.
- O.E. 22. Establecer vías de cooperación co Goberno de Portugal para traballar un enfoque común na abordaxe do senfogarismo transfronteirizo.

EIXE 1. PREVENCIÓN

Prever as situacións de senfogarismo para evitar a súa aparición e consolidación, baixo a premisa de articular medidas proactivas que detecten de forma temperá os casos de risco e articulen as accións necesarias para paliar este risco.

A atención ao senfogarismo non debe limitarse de maneira exclusiva ás respostas ante a demanda dun servizo cando o problema xa está consolidado no tempo, senón que esixe unha actitude continuada e proactiva que poña a énfase nos enfoques preventivos. O senfogarismo adoita responder a procesos e itinerarios que se van agravando co tempo, onde se conxugan diversos factores de risco que poden levar a persoa a verse nesta posición. Unha situación de risco pode terminar deteriorándose ata converterse nun feito con difícil retroceso e que pode terminar por cronificarse, desde a exclusión residencial ao senfogarismo con longas traxectorias na rúa.

Aínda que os elementos que inciden no senfogarismo son múltiples e de diversa natureza, é posible identificar certos factores que poñen a persoa ou a familia nunha posición de perigo. É necesario, por tanto, articular accións destinadas a prever os factores adversos e impulsar a detección temperá cando existe o risco de perder a vivenda. En última instancia, este enfoque permitirá reducir a incidencia do senfogarismo.

A prevención esixe mecanismos de detección de carencia de vivenda, de exclusión residencial desde os Servizos Sociais comunitarios de ámbito municipal e os diferentes servizos e áreas da Xunta de Galicia, dar información precisa ás persoas afectadas e anticipar os problemas asociados á carencia de vivenda; ademais doutras accións dirixidas a recuperar o capital social e a información precisa ás persoas e familias afectadas. Elementos como a articulación de protocolos e mecanismos de detección e actuación, a identificación de perfís en risco, ou a disposición de recursos dedicados a dar unha resposta inmediata e preventiva, son algunhas das actuacións necesarias contempladas neste eixe de Prevención.

Para iso estrutúrase en catro obxectivos específicos, orientados á intervención temperá en situacións de risco (por exemplo, ruptura familiar ou de perda da vivenda), a asegurarlles o aloxamento a aquelas persoas que deixan unha institución e a promover a inclusión residencial entre as persoas en risco de exclusión social. Concretamente, os obxectivos específicos (O.E.) son:

O.E. 1. Detectar de forma temperá as situacións de risco de senfogarismo.

O.E. 2. Garantir a atención ás persoas e familias en situación de risco de perda da vivenda habitual por non pagamento das cotas da hipoteca ou alugueiro.

O.E. 3. Previr o senfogarismo das persoas internas en institucións cuxa alta ou saída está próxima e carecen de vivenda alternativa e/ou rede de apoio.

O.E. 4. Promover a inclusión residencial das persoas perceptoras da RISGA e de axudas de inclusión social.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1. DETECTAR DE FORMA TEMPERÁ AS SITUACIÓNS DE RISCO DE SENFOGARISMO	
MEDIDAS	
1.1	Impulso da creación de fórmulas de identificación de situacións de risco de senfogarismo nos servizos sociais comunitarios
1.2	Apoio á existencia de servizos de atención na rúa nas sete grandes cidades de Galicia, para chegar ás persoas que non realizan unha demanda explícita de axuda, en colaboración coas entidades de iniciativa social
1.3	Desenvolvemento, a través de servizos de atención na rúa das sete grandes cidades de Galicia, dunha intervención rápida capaz de identificar a todas aquelas persoas sen historial previo de senfogarismo que son identificadas pernoctando na rúa ou en espazos públicos, de modo que os deriven aos servizos/recursos máis adecuados
1.4	Promoción do acceso á participación en programas de mediación familiar de familias en conflito con menores en risco de fuga, a partir das alertas producidas no ámbito educativo a través de avaliacións psicopedagóxicas e protocolos de absentismo

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2. GARANTIR A ATENCIÓN ÁS PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE RISCO DE PERDA DA VIVENDA HABITUAL POR NON PAGAMENTO DAS COTAS DA HIPOTECA OU ALUGUEIRO	
MEDIDAS	
2.1	Consolidación do programa Reconduce, de atención a persoas e familias en risco de desafiuzamento
2.2	Reforzo da coordinación do Programa Reconduce cos servizos de intermediación inmobiliaria para a promoción do acceso á vivenda de persoas con rendas baixas, en colaboración cos concellos e entidades de iniciativa social

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3. PREVER O SENFOGARISMO DAS PERSOAS INTERNAS EN INSTITUCIÓNS CUXA ALTA OU SAÍDA ESTÁ PRÓXIMA E CARECEN DE VIVENDA ALTERNATIVA E/OU REDE DE APOIO

MEDIDAS	
3.1	Deseño e aplicación de protocolos de alta que faciliten que as persoas que abandonan os centros ou servizos en réxime pechado (hospitais, centros penais, servizos con aloxamento do Sistema de Servizos Sociais...) teñen unha alternativa habitacional na súa saída
3.2	Replicación do proxecto Nelson Mandela ao Centro Penal da Lama (Pontevedra)
3.3	Posta en marcha, no marco do proxecto Nelson Mandela, de medidas promotoras da reconciliación das persoas internas coa súa rede e contorna social para mellorar a integración a súa saída
3.4	Reforzo das liñas de coordinación para atención pospenitenciaria das persoas internas que acadan a súa liberdade nos centros penais da Comunidade autónoma
3.5	Habilitación de prazas para a recuperación de doentes que, aínda estando convalecentes, reciben a alta hospitalaria e carecen de vivenda, como proceso intermedio ao acceso a unha praza ou recurso habitacional da rede de atención ao senfogarismo en Galicia
3.6	Establecemento dos mecanismos de coordinación necesarios para garantir o apoio á inclusión sociolaboral das persoas que saen do programa Mentor no marco dos dispositivos específicos previstos na Estratexia de inclusión social de Galicia
3.7	Seguimento da tutela de persoas menores por parte das administracións para evitar que se converta en factor de senfogarismo, tratando de proporcionarlles unha alternativa habitacional

OBXECTIVO ESPECÍFICO 4. PROMOVER A INCLUSIÓN RESIDENCIAL DAS PERSOAS PERCEPTORAS DA RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA) E DAS AXUDAS DE INCLUSIÓN SOCIAL

MEDIDAS	
4.1	Axilización da tramitación das solicitudes de axudas de inclusión social vinculadas ao uso e mantemento da vivenda
4.2	Compatibilización da percepción do complemento de alugueiro da vivenda habitual asociado á percepción da RISGA co acceso ás axudas do programa do bono de alugueiro do IGVS

OBXECTIVO ESPECÍFICO 4. PROMOVER A INCLUSIÓN RESIDENCIAL DAS PERSOAS PERCEPTORAS DA RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA) E DAS AXUDAS DE INCLUSIÓN SOCIAL

4.3	Eliminación do requisito dunha única persoa perceptora directa da RISGA por domicilio e establecemento por norma da posibilidade de que perciban esta prestación un máximo de dúas persoas ou unidades de convivencia, que poderán cobrar en ambos os dous casos o importe íntegro do complemento de alugueiro nos casos nos que proceda
4.4	Incremento do 10 % ao 15 % do complemento de aluguer da vivenda habitual asociado á percepción da RISGA no caso de unidades de convivencia onde residan menores
4.5	Ampliación do prazo de seis meses, que se viña concedendo para a busca dun domicilio independente, a 12 meses, con posibilidade de prórroga por un mesmo prazo de 12 meses, cando se xustifique a súa necesidade polas dificultades de acceso a un domicilio independente

MEDIDA	RESPONSABILIDADE		COLABORACIÓN	
	Xunta de Galicia	Entidades locais	ONG	Outros axentes
1.1	CPS	X		
1.2	CPS	X	X	
1.3	CPS	X	X	
1.4	CEUFP, CPS	X		
2.1	CPS			
2.2	CPS	X	X	
3.1	CPS			X
3.2	CPS			X
3.3	CPS		X	
3.4	CPS	X	X	X
3.5	CS			
3.6	CPS		X	
3.7	CPS	X		
4.1	CPS			
4.2	CPS			
4.3	CPS			
4.4	CPS			
4.5	CPS			

EIXE 2. PROTECCIÓN E RECONSTRUCCIÓN DO PROXECTO VITAL

Garantirlles ás persoas en situación de senfogarismo o acceso e cumprimento dos seus dereitos, así como asegurar a protección necesaria para cubrir as súas necesidades básicas e empoderar, apoiar e acompañar a estas persoas no seu proceso de reconstrución do proxecto vital.

Este plan, no marco do eixe 2 de Protección e reconstrución do proxecto vital aspira a un dobre obxectivo:

- ▶ Primeiro, protexer as persoas en situación de senfogarismo e garantir o acceso ao cumprimento dos seus dereitos, en tanto que se trata dunha situación de elevada fragilidade, onde non se garante a seguridade física e psíquica, a rúa non permite ter as necesidades básicas cubertas: alimentación, vestido, hixiene, saúde, aloxamento...
- ▶ Segundo, como elemento indispensable para unha diminución efectiva e sustentable do senfogarismo, apoiar as persoas sen fogar para que sexan capaces de restablecer o seu proxecto vital, de reincorporarse á sociedade como cidadanía de pleno dereito e así poder formar parte e contribuír á comunidade.

Para iso, é necesario garantir a súa seguridade, o cumprimento efectivo dos seus dereitos, e proporcionarlles os recursos que faciliten a reconstrución do seu proxecto vital, desde un enfoque de dereitos e dignidade, empoderándoas, sempre poñendo a persoa no centro das actuacións, de modo que sexan estas as que se adapten ás súas necesidades e demandas, e non ao revés.

Desde a perspectiva do exercicio dos seus dereitos, isto significa que se debe asegurar que as persoas sen fogar poidan acceder á vivenda, á saúde, á garantía de ingresos e aos servizos sociais e á activación laboral.

Neste contexto, como paso previo, débeseles facilitar aloxamento e unha rede de recursos que lles permitan cubrir as necesidades básicas. A disposición de prazas de aloxamento nocturno ou prazas de emerxencia revélase como unha necesidade neste sentido. Por iso, desde a Xunta de Galicia óptase por un investimento maior de recursos que ademais de manter esta rede, adicionalmente, reforce a estrutura actual ata cuadruplicar o número de prazas de servizos de aloxamento en centros de inclusión.

Adicionalmente, requirirán tamén dun acompañamento e traballo persoal e social moi intenso que lles permita vincularse de novo coa comunidade e recuperar unha vida independente e autónoma. Para iso as políticas articuladas asumen unha perspectiva inclusiva pero tamén adaptada aos diferentes perfís con necesidades determinadas como é o caso das persoas con adicións ou trastorno mental; por iso é polo que desde a Xunta de Galicia apóstase por

desenvolver accións específicas. A finalidade é a activación inclusiva e laboral, a promoción da súa participación na comunidade e o apoio no acceso aos seus dereitos.

É por todo iso que este enfoque requirirá, ademais da implicación das políticas de vivenda e de servizos sociais, o compromiso e a coordinación con outros ámbitos de actuación como o emprego, a saúde, a xustiza, a participación social e cultural, e a educación.

Os obxectivos específicos establecidos neste marco son:

O.E. 5. Asegurar que ningunha persoa se vexa obrigada a durmir á intemperie debido á falta de servizos de urxencia e protección.

O.E. 6. Garantir que as persoas en situación de senfogarismo coñecen e exercen os seus dereitos.

O.E. 7. Implantar o enfoque centrado nas persoas, individualizando a atención e empoderándoas para que sexan elas as que tomen as decisións da súa propia vida.

O.E. 8. Fomentar a autonomía, a activación e a empregabilidade, condicións necesarias para a reconstrución do proxecto vital.

O.E. 9. Promover a inclusión e participación activa das persoas sen fogar na vida comunitaria.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 5. ASEGURAR QUE NINGUNHA PERSOA SE VEXA OBRIGADA A DURMIR Á INTEMPERIE DEBIDO Á FALTA DE SERVIZOS DE URXENCIA E PROTECCIÓN	
MEDIDAS	
5.1	Atención ás necesidades de aloxamento das persoas sen fogar en situación de rúa mediante a articulación de axudas para o mantemento de prazas de servizos de aloxamento nocturno, manutención ou atención continuada en centros de titularidade municipal ou de entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais
5.2	Flexibilizar a normativa de acceso para asegurar que ningunha persoa se vexa obrigada a durmir á intemperie
5.3	Promoción da existencia dos servizos de atención urxente nas sete grandes cidades de Galicia, en colaboración cos servizos sociais comunitarios básicos
5.4	Creación e mantemento de novas prazas do servizo de acollida básica (aloxamento media-longa estancia sen proxecto condicionado) para garantir un mínimo de 70 prazas en toda Galicia, en colaboración coas entidades de iniciativa social
5.5	Revisión da adecuación cuantitativa e xeográfica dos servizos de hixiene para persoas en situación de senfogarismo, co fin de garantir o seu acceso a estes

OBXECTIVO ESPECÍFICO 6. GARANTIR QUE AS PERSOAS EN SITUACIÓN DE SENFOGARISMO COÑECEN E EXERCEN OS SUS DEREITOS

MEDIDAS	
6.1	Promover o empadramento das persoas que non dispoñen dun domicilio
6.2	Axilización do recoñecemento das situacións de discapacidade das persoas en situación de rúa ou sen vivenda que poidan estar afectadas
6.3	Apoio para que nos recursos da rede específica de atención se presten servizos de orientación social que faciliten apoio para a cobertura de necesidades básicas e o acceso das persoas sen fogar que cumpran os requisitos ás prestacións económicas que lles puidesen corresponder
6.4	Accións conxuntas entre sanidade e servizos sociais especificamente orientadas a que todas as persoas sen fogar empadroadas en Galicia dispoñan de tarxeta sanitaria
6.5	Deseño de protocolos de actuación ante situación de vulneración de dereitos

OBXECTIVO ESPECÍFICO 7. IMPLEMENTAR O ENFOQUE CENTRADO NAS PERSOAS, INDIVIDUALIZANDO A ATENCIÓN E EMPODERÁNDOAS PARA QUE SEXAN ELAS QUEN TOMEN AS DECISIONS DA SÚA PROPIA VIDA

MEDIDAS	
7.1	Promoción da figura dun/dunha profesional de referencia e acompañamento durante todo o proceso personalizado de intervención e inclusión social, que facilite o acceso da persoa aos servizos e institucións e favoreza a coherencia e efectividade da intervención
7.2	Promoción da participación das persoas no seu propio proceso de inclusión social desde o inicio: participando no deseño de actividades, accedendo a responsabilidades, etc.
7.3	Promoción da figura de pares na atención directa das persoas sen fogar
7.4	Reorganización da dinámica administrativa para que a intervención social goce de unidade, evite solapamentos, mellore a súa eficiencia e lle transmita confianza á persoa sen fogar
7.5	Elaboración dun protocolo de intervención común nos Servizos sociais comunitarios básicos e na rede de servizos comunitarios específicos para a xestión de casos con persoas en situación de exclusión residencial grave ou en risco de estalo

OBXECTIVO ESPECÍFICO 7. IMPLEMENTAR O ENFOQUE CENTRADO NAS PERSOAS, INDIVIDUALIZANDO A ATENCIÓN E EMPODERÁNDOAS PARA QUE SEXAN ELAS QUEN TOMEN AS DECISIÓNS DA SÚA PROPIA VIDA

7.6	Asegurar o enfoque multidisciplinar e integral da intervención coas persoas sen fogar, atendendo ás súas múltiples casuísticas e problemáticas
7.7	Mellora do financiamento de programas de vivendas das persoas con trastornos aditivos promovidos desde o ámbito sanitario

OBXECTIVO ESPECÍFICO 8. FOMENTAR A AUTONOMÍA, A ACTIVACIÓN E A EMPREGABILIDADE, CONDICIÓNES NECESARIAS PARA A RECONSTRUCCIÓN DO PROXECTO VITAL

MEDIDAS	
8.1	Promoción do acceso a servizos de educación social para fomentar a autonomía das persoas nas actividades básicas diarias
8.2	Impulso á creación de servizos de apoio psicolóxico para resolver os problemas e traumas creados no proceso de senfogarismo, en colaboración coas entidades locais e de iniciativa social
8.3	Apoio ao desenvolvemento de habilidades sociais e persoais para iniciar e reforzar os itinerarios de recuperación
8.4	Atendendo ás especificidades e capacidades de cada caso, aplicación de itinerarios activos de recuperación, formación e capacitación para a inserción laboral e, no seu caso, de busca de emprego
8.5	Impulso ás medidas que faciliten o acceso das persoas en situación de exclusión residencial grave aos centros ocupacionais, centros especiais de emprego, empresas de inserción e programas de emprego con apoio
8.6	Fomento do emprego protexido para as persoas sen fogar
8.7	Consideración da opción do autoemprego como fórmula de acceso ao mercado laboral

OBXECTIVO ESPECÍFICO 9. PROMOVER A INCLUSIÓN E PARTICIPACIÓN ACTIVA DAS PERSOAS SEN FOGAR NA VIDA COMUNITARIA

MEDIDAS	
9.1	Posta en marcha de medidas destinadas a promover o acceso das persoas sen fogar a actividades culturais e de lecer
9.2	Promoción do acceso das persoas sen fogar á educación e á participación social e política
9.3	Deseño e posta en marcha de programas específicos que favorezan a utilización dos equipamentos culturais e deportivos públicos por parte das persoas en situación de exclusión residencial, en colaboración coas entidades locais
9.4	Deseño e posta en marcha de programas de formación e capacitación das persoas en situación de exclusión social grave no uso das redes sociais e as novas tecnoloxías
9.5	Apoio ao desenvolvemento de accións para a promoción de hábitos alimenticios e deportivos saudables
9.6	Deseño e implementación de accións destinadas á recuperación dos vínculos familiares, e de acompañamento na construción de vínculos sociais e afectivos na comunidade de referencia

MEDIDA	RESPONSABILIDADE		COLABORACIÓN	
	Xunta de Galicia	Entidades locais	ONG	Outros axentes
5.1	CPS	X	X	
5.2	CPS	X	X	
5.3	CPS	X		
5.4	CPS		X	
5.5	CPS	X	X	
6.1		X	X	
6.2	CPS			
6.3	CPS	X	X	
6.4	CS, CPS	X	X	
6.5	CPS	X	X	
7.1	CPS	X	X	
7.2	CPS	X	X	
7.3	CPS	X	X	
7.4	CPS	X	X	
7.5	CPS	X	X	
7.6	CPS	X	X	
7.7	CS		X	
8.1	CPS	X	X	
8.2	CPS	X	X	

MEDIDA	RESPONSABILIDADE		COLABORACIÓN	
	Xunta de Galicia	Entidades locais	ONG	Outros axentes
8.3	CPS	X	X	
8.4	CPS	X	X	
8.5	CEEI	X	X	
8.6	CEEI	X	X	
8.7	CPS	X	X	
9.1	CPS	X	X	
9.2	CPS	X	X	
9.3	CPS	X	X	
9.4	CPS	X	X	
9.5	CPS, CS	X	X	
9.6	CPS	X	X	

EIXE 3. ADAPTACIÓN DOS RECURSOS, MELLORA DOS SERVIZOS

Dispoñer dunha rede de recursos de atención ás persoas en situación de senfogarismo que logre dar respostas adaptadas ás súas necesidades e circunstancias vitais, que poña a persoa no centro, baixo criterios de eficacia, eficiencia e calidade.

Unha atención adecuada ao senfogarismo pasa necesariamente por dispoñer dunha rede de recursos flexibles e diversos que dea respostas ás necesidades e circunstancias vitais das persoas sen fogar, e unha estrutura institucional que organice e poña a súa disposición os recursos adecuados para a súa protección e reconstrución do proxecto de vida.

A Comunidade Autónoma de Galicia dispón dunha rede consolidada de atención, un sistema que ven impulsado desde o ámbito local pero que conta coa colaboración estreita e a presenza activa das entidades sociais. O rol da Xunta de Galicia neste sentido, e que se reflicte no plan, é o de complementar esta rede, reforzar os espazos onde se constatan debilidades e aliñar as diferentes formas de abordar a intervención para xerar sinerxías na mellora da atención, cun enfoque centrado na persoa.

Neste sentido, desde a Xunta de Galicia apóstase por unha intervención de calidade que asegure que o traballo coas persoas sen fogar realízase de acordo a uns estándares mínimos. Polo tanto, a adecuación e a adaptación dos servizos e recursos en todas as súas dimensións, incluídas as propias instalacións no cumprimento dunhas condicións dignas, convértense na pedra angular deste eixe.

Neste contexto, a erradicación e atención do senfogarismo esixe ter en conta, primeiro, a atención á urxencia, pero especialmente e máis importante é considerar que en numerosas ocasións estas persoas atopan nunha situación crónica. Por iso, faise necesario replanificar e operativizar os servizos co fin de potenciar unha óptica de intervención orientada á redución de

danos, a protección e a recuperación do proxecto vital das persoas. Para iso, cómpre reorientar os recursos metodoloxicamente, adaptalos, melloralos e potenciar a innovación.

Así mesmo, a adaptación requirida da rede de recursos ten que ter en conta especialmente dous perfís con importante presenza e necesidades específicas no senfogarismo: persoas con problemas de saúde física e mental e adiccións, e as mulleres en situación de senfogarismo. Tendo en conta a diagnose previa na cal se basea este plan, a saúde tanto física como mental é un elemento de gran relevancia. É imprescindible adaptar e mellorar os recursos, proporcionando servizos de saúde e impulsando accións para que, quen se atopen nesta situación de extrema vulnerabilidade, fagan un mellor uso dos servizos de atención primaria e permitan unha mellora na adherencia aos tratamentos.

Por outra banda, a pesar de ser unha realidade oculta, nos últimos anos detectouse un aumento de mulleres en situación de senfogarismo; e faise patente unha carencia específica de recursos dirixidos ás mulleres e as súas necesidades ou a falta de adecuación dos recursos existentes. Máis aló do recoñecemento formal da igualdade de dereitos, desde a Xunta de Galicia apóstate por incorporar o enfoque de xénero no deseño e implantación da política de erradicación e atención ao senfogarismo, como ferramenta que visibilice e atenda as desigualdades neste ámbito e permita adaptar os recursos poñendo o foco, especialmente, na violencia de xénero con programas específicos.

Conscientes destes retos, o plan neste eixe referido á rede de atención, formula os seguintes obxectivos específicos:

- O.E. 10.** Continuar un proceso de mellora cualitativa dos recursos de atención ás persoas sen fogar
- O.E. 11.** Adaptar e mellorar os servizos de saúde ás necesidades das persoas en situación de senfogarismo promovendo o seu acceso
- O.E. 12.** Garantir a implantación dun enfoque de xénero na atención das necesidades das persoas en situación de senfogarismo que evite a invisibilización das mulleres sen fogar

OBXECTIVO ESPECÍFICO 10. CONTINUAR UN PROCESO DE MELLORA CUALITATIVA DOS RECURSOS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS SEN FOGAR	
MEDIDAS	
10.1	Desenvolvemento do Decreto 61/2016 polo que se define a carteira de servizos sociais de inclusión
10.2	Replanificación e operativización dos servizos orientados á atención ás persoas en

OBXECTIVO ESPECÍFICO 10. CONTINUAR UN PROCESO DE MELLORA CUALITATIVA DOS RECURSOS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS SEN FOGAR	
	senfogarismo para reducir o enfoque de emerxencia
10.3	Apoio á innovación en albergues e outros servizos de aloxamento nocturno da Comunidade autónoma
10.4	Promoción da reorientación dos servizos para garantir a atención da diversidade, incluída a cultural e relixiosa
10.5	Disposición de axudas para a reforma e adecuación das instalacións de titularidade municipal ou de entidades de iniciativa social onde se prestan servizos de aloxamento nocturno, mantemento ou atención continuada, co cofinanciamento do FEDER
10.6	Desenvolvemento e posta en marcha dun protocolo para que as persoas usuarias dos aloxamentos podan acceder coas súas mascotas, dada a relevancia do vínculo afectivo entre as persoas sen fogar e os seus animais de compañía

OBXECTIVO ESPECÍFICO 11. ADAPTAR E MELLORAR OS SERVIZOS DE SAÚDE ÁS NECESIDADES DAS PERSOAS EN SITUACIÓN DE SENFOGARISMO PROMOVEDO O SEU ACCESO	
MEDIDAS	
11.1	Establecemento de vías de preferencia na atención ás persoas sen fogar con trastorno mental que permitan axilizar o diagnóstico e aumentar a adhesión aos tratamentos médicos
11.2	Promoción de apoios que procuren a adhesión aos tratamentos de prescrición facultativa no caso de persoas sen fogar
11.3	Fomento no nivel de atención primaria de saúde de proxectos de acción comunitaria dirixidos á prevención e vixilancia da saúde das persoas sen fogar, en colaboración cos servizos sociais comunitarios básicos e entidades de iniciativa social titulares de centros da rede de atención específica
11.4	Realización de actividades de formación sobre prevención e tratamento das enfermidades mentais dirixidas a persoal sanitario pola Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS)

OBXECTIVO ESPECÍFICO 11. ADAPTAR E MELLORAR OS SERVIZOS DE SAÚDE ÁS NECESIDADES DAS

PERSOAS EN SITUACIÓN DE SENFOGARISMO PROMOVEDO O SEU ACCESO	
11.5	Incremento da cobertura e frecuencia da atención ás persoas con trastorno mental usuarias de centros sociosanitarios, no marco do Plan de saúde mental
11.6	Impulso conxunto entre os departamentos con competencias en política social e Sanidade da atención sociosanitaria ás persoas sen fogar con trastornos condutuais usuarias dos recursos habitacionais do sistema de servizos sociais

OBXECTIVO ESPECÍFICO 12. GARANTIR A IMPLEMENTACIÓN DUN ENFOQUE DE XÉNERO NA ATENCIÓN DAS NECESIDADES DAS PERSOAS EN SITUACIÓN DE SENFOGARISMO QUE EVITE A INVISIBILIZACIÓN DAS MULLERES SEN FOGAR	
MEDIDAS	
12.1	Desenvolvemento e implantación de protocolos de prevención de violencia de xénero
12.2	Promoción da adecuación de espazos que proporcionen privacidade, intimidade e seguridade das mulleres
12.3	Promoción dun proxecto de acompañamento específico a mulleres sen fogar nas sete grandes cidades de Galicia, en colaboración cos concellos

MEDIDA	RESPONSABILIDADE		COLABORACIÓN	
	Xunta de Galicia	Entidades locais	ONG	Outros axentes
10.1	CPS			
10.2	CPS	X		
10.3	CPS	X	X	
10.4	CPS	X	X	
10.5	CPS			
10.6	CPS	X	X	
11.1	CS			
11.2	CPS, CS	X	X	
11.3	CPS, CS	X	X	
11.4	CS			
11.5	CS			
11.6	CPS, CS	X	X	
12.1	CPS, SXI	X	X	
12.2	CPS	X	X	
12.3	CPS	X		

EIXE 4. ENFOQUE INCLUSIVO DA VIVENDA

Abordar un enfoque inclusivo baseado na vivenda nas políticas de prevención e atención ao senfogarismo, concibindo a vivenda como un dereito fundamental e combinando a facilitación dun aloxamento estable e en condicións de habitabilidade dignas con apoios e acompañamento social.

Na actualidade, e especialmente en Europa, existe unha marcada tendencia a que as políticas de prevención, atención e erradicación do senfogarismo avancen cara a un enfoque inclusivo da vivenda, considerando a vivenda como o elemento clave, como un factor primordial da reparación e non como un fin en si mesmo: é o que se denomina *housing-led policies*. Desde este enfoque considérase relevante fomentar medidas e accións orientadas ao acceso á vivenda e á coordinación entre os distintos actores cun protagonismo desde a área de vivenda. Neste sentido, desde a Xunta de Galicia propónse ir orientando a política desde o modelo máis tradicional, asociado a intervencións lineais e en escaleira, cara a un modelo onde a vivenda é o eixe central. Un cambio nesta dirección e desta magnitude esixe un proceso progresivo que se irá acometendo de maneira paulatina, convivindo co modelo tradicional. Así a aposta por este enfoque materialízase na aplicación e o reforzo de novos modelos de intervención *housing led*, como é o caso do *housing first* como proposta de solución á situación das persoas máis cronificadas. En particular, a Xunta de Galicia avoga pola posta en marcha de 30 novas vivendas destinadas á implantación desta metodoloxía, dando así un impulso definitivo a esta orientación das políticas.

Doutra banda, neste eixe aspírase a progresar cara a políticas inclusivas de vivenda noutras dimensións relacionadas coa exclusión residencial e o senfogarismo. Tal é o caso do apoio ao alugueiro social e o reforzo no acceso a este alugueiro a perfís en risco de exclusión residencial como solución habitacional.

Un dos retos do desenvolvemento de políticas inclusivas de vivenda é dispoñer de vivendas destinadas a un uso social nun contexto no que o mercado inmobiliario pon atrancos e dificulta de xeito importante o acceso á vivenda aos perfís en risco de exclusión residencial, e máis aínda ás persoas en situación de senfogarismo. Ante este desafío e a necesidade de dispoñer dun maior número de vivendas para abordalo, a Xunta de Galicia ten previsto desenvolver unha rede de vivendas de inserción, cifrada en 70 vivendas, que ademais, leve emparellado un proceso intenso e personalizado de acompañamento social.

Por último, neste marco non hai que pasar por alto que a exclusión residencial tamén se asocia ás deficientes condicións de habitabilidade dalgunhas vivendas. Por iso é polo que o investimento en rehabilitación de vivendas e en concreto nas vivendas de titularidade

municipal, é outro dos aspectos obxecto de atención no plan. Especial relevancia adquire o mantemento do parque público de vivendas non só nos grandes municipios senón en localidades de menor poboación, tratando de abarcar todo o territorio de Galicia.

Baixo estas premisas, o eixe Enfoque inclusivo da vivenda estrutúrase nos seguintes tres obxectivos específicos:

O.E. 13. Desenvolver un enfoque centrado na vivenda fronte ao senfogarismo que asegure un aloxamento estable e apoiado desde o ámbito social

O.E. 14. Impulsar a creación dunha rede de vivendas de inserción social que incorporen servizos integrais de apoio á inclusión sociolaboral

O.E. 15. Impulsar unha política de vivenda no ámbito do acceso e mantemento na vivenda e a rehabilitación que preste especial atención aos perfís en situación ou en risco de senfogarismo

OBXECTIVO ESPECÍFICO 13. DESENVOLVER UN ENFOQUE CENTRADO NA VIVENDA FRONTE AO SENFOGARISMO QUE ASEGURE UN ALOXAMENTO ESTABLE E APOIADO DESDE O ÁMBITO SOCIAL	
MEDIDAS	
13.1	Impulso á aplicación da metodoloxía de <i>housing first</i> mediante a posta a disposición de 30 novas vivendas destinadas a persoas sen fogar na Comunidade autónoma
13.2	Formación a profesionais na metodoloxía <i>housing first</i>
13.3	Garantía, cando se cumpran os requisitos de acceso, duns ingresos mínimos básicos (RISGA tramo persoal e familiar) asociados á cobertura da necesidade habitacional a través de <i>housing first</i>
13.4	Establecemento de mecanismos de coordinación e de información e traballo compartido entre a Rede de vivendas de inserción e os servizos sociais comunitarios básicos
13.5	Apoio a programas de acompañamento no acceso á vivenda de persoas sen fogar, en colaboración cos concellos e as entidades de iniciativa social
13.6	Apoio e desenvolvemento de accións de intermediación inmobiliaria que inclúan actuacións para a sensibilización e contra a discriminación das persoas arrendadoras asociadas a programas de acceso á vivenda de persoas sen fogar en situacións de senfogarismo categorizadas en ETHOS
13.7	Incremento de 25 euros no importe do bono de alugueiro social

OBXECTIVO ESPECÍFICO 13. DESENVOLVER UN ENFOQUE CENTRADO NA VIVENDA FRONTE AO SENFOGARISMO QUE ASEGURE UN ALOXAMENTO ESTABLE E APOIADO DESDE O ÁMBITO SOCIAL

13.8	Aumento en 50 euros do prezo máximo do alugueiro para optar á axuda do Programa do bono de alugueiro social
13.9	Ampliación de 3 a 6 anos do tempo máximo das prórrogas extraordinarias ás persoas beneficiarias do Programa do bono de alugueiro social
13.10	Inclusión como novas beneficiarias do Programa do Bono de alugueiro social das persoas residentes en vivendas da Sareb e entidades financeiras en virtude dos convenios asinados co IGVS
13.11	Inclusión como grupo destinatario do bono de aluguer social das persoas e familias que esgotan o período de tres anos de residencia en vivendas de inserción

OBXECTIVO ESPECÍFICO 14. IMPULSAR A CREACIÓN DUNHA REDE DE VIVENDAS DE INSERCIÓN SOCIAL QUE INCORPOREN SERVIZOS INTEGRAIS DE APOIO Á INCLUSIÓN SOCIOLABORAL

MEDIDAS	
14.1	Aprobación dun decreto que regule a creación dunha rede de vivendas de inserción do Instituto Galego de Vivenda e Solo, da que poderán tamén formar parte vivendas libres de titularidade pública ou privada que se destinen temporalmente ás mesmas finalidades que as vivendas de promoción pública de inserción ou asistenciais
14.2	Desenvolvemento de acordos para que vivendas captadas polos concellos no marco do Programa de vivendas baleiras se integren, con carácter temporal, na rede de vivendas de inserción para o seu alugueiro a persoas e familias sen fogar
14.3	Creación e posta en marcha dunha liña específica no marco do Programa de vivendas baleiras, dirixida á captación de vivendas por parte de entidades de iniciativa social para persoas e familias sen vivenda alternativa
14.4	Posta a disposición de 70 vivendas de inserción a persoas e familias sen fogar a través de convenios de colaboración entre o IGVS, a Consellería de Política Social, as entidades locais e entidades de iniciativa social
14.5	Garantía, cando se cumpran os requisitos de acceso, duns ingresos mínimos básicos (RISGA tramo persoal e familiar) e, cando proceda, o acceso á RISGA no tramo de inserción das persoas beneficiarias de servizos integrais de apoio á inclusión sociolaboral da Rede de vivendas de inserción

OBXECTIVO ESPECÍFICO 14. IMPULSAR A CREACIÓN DUNHA REDE DE VIVENDAS DE INSERCIÓN SOCIAL QUE INCORPOREN SERVIZOS INTEGRAIS DE APOIO Á INCLUSIÓN SOCIOLABORAL

14.6	Garantía e desenvolvemento, en todos os casos, do acompañamento social técnico para a participación e desenvolvemento de procesos de inclusión social e/ou sociolaboral a través da rede de equipos de inclusión social, servizos comunitarios específicos dos concellos, e en colaboración coas entidades de iniciativa social que desenvolvan accións de inclusión social a través de itinerarios co apoio da Consellería de Política Social
14.7	Desenvolver instrumentos e metodoloxías que garantan a efectividade da cooperación entre os diferentes axentes implicados na Rede de vivendas de inserción social

OBXECTIVO ESPECÍFICO 15. IMPULSAR UNHA POLÍTICA DE VIVENDA NO ÁMBITO DO ACCESO E MANTEMENTO NA VIVENDA E A REHABILITACIÓN QUE LLES PRESTE ESPECIAL ATENCIÓN AOS PERFÍS EN SITUACIÓN OU EN RISCO DE SENFOGARISMO

MEDIDAS	
15.1	Apoio financeiro para a rehabilitación de vivendas de titularidade municipal para destinalas ao alugueiro por persoas e unidades de convivencia con ingresos reducidos
15.2	Desenvolvemento de programas de rehabilitación de vivendas de titularidade municipal para a súa reserva e disposición nos casos de persoas e familias en situación de emerxencia social: - Fondo de cooperación do Instituto Galego de Vivenda e Solo cos concellos de menos de 50 000 habitantes para a rehabilitación de inmobles ou para a súa adquisición con esta finalidade - Programa de rehabilitación das antigas vivendas de mestres/as, doutros edificios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal nos concellos de menos de 20 000 habitantes - Programa de axudas para a rehabilitación de infravivenda rural nos concellos de menos de 10 000 habitantes - Rehabilitación e mellora das condicións das vivendas comprendidas no Programa de vivendas baleiras

MEDIDA	RESPONSABILIDADE		COLABORACIÓN	
	Xunta de Galicia	Entidades locais	ONG	Outros axentes
13.1	IGVS, CPS	X	X	
13.2	CPS	X	X	
13.3	CPS			
13.4	CPS, IGVS	X	X	
13.5	CPS	X	X	
13.6	CPS	X	X	
13.7	IGVS			
13.8	IGVS			
13.9	IGVS			
13.10	IGVS			
13.11	IGVS			
14.1	IGVS			
14.2	IGVS, CPS	X		
14.3	IGVS, CPS		X	
14.4	IGVS, CPS	X	X	
14.5	CPS			
14.6	CPS	X	X	
14.7	CPS	X	X	
15.1	IGVS	X		
15.2	IGVS	X		

EIXE 5. SENSIBILIZACIÓN, LOITA CONTRA A DISCRIMINACIÓN E OS DELITOS DE ODIO

Informar e sensibilizar á sociedade sobre o fenómeno do senfogarismo e loitar contra a discriminación e os delitos de odio que sofren as persoas nesta situación para asegurar a igualdade de oportunidades.

O vínculo e o cambio xorden desde o coñecemento, o interese e o achegamento, e non poden existir sen a visibilidade e o recoñecemento da realidade das persoas sen fogar. Por iso, resulta imprescindible articular medidas para favorecer un achegamento da cidadanía a esta problemática: a exclusión residencial é un fenómeno social que require, para a súa resposta e prevención, da implicación de toda a sociedade.

A aporofobia ou medo á persoa pobre é un termo que pretende poñer en evidencia a discriminación que sofren as persoas que se atopan en situación de senfogarismo e que na manifestación máis extrema leva a agresións consideradas delito de odio. As persoas que están na rúa están expostas a unha elevada discriminación, fanse invisibles ante a cidadanía e, no peor dos casos, son maltratadas física, verbal e psicolóxicamente con elevada violencia. A

mesma posición de debilidade deste perfil, a súa maltreita autoestima ou o medo impídelles buscar a protección necesaria e denunciar os feitos, que queda así na impunidade.

Neste marco, neste eixe propónse a sensibilización e información da sociedade no seu conxunto e de determinados sectores clave en particular (como a comunidade educativa, os corpos de seguridade ou xornalistas), sobre a realidade das persoas sen fogar para conseguir un maior achegamento, compromiso e implicación da cidadanía; que posibilite contrarrestar a estigmatización social das persoas que non teñen fogar, a súa discriminación e os delitos de odio.

Así mesmo, ante a necesidade de apoiar as persoas sen fogar na denuncia dos delitos de odio, das agresións, como vía para lograr a penalización dunha actitude que non respecta os dereitos humanos, a Xunta de Galicia enfócase especialmente para este fin.

Todo iso, concrétase nos seguintes obxectivos específicos:

- O.E. 16. Sensibilizar, formar e fomentar o coñecemento da cidadanía sobre o senfogarismo e os dereitos das persoas sen fogar
- O.E. 17. Achegarlle á comunidade educativa o coñecemento sobre o senfogarismo
- O.E. 18. Aumentar o número de vítimas en situación de senfogarismo que denuncian actos de violencia e odio que sofren

OBXECTIVO ESPECÍFICO 16. SENSIBILIZAR, FORMAR E FOMENTAR O COÑECEMENTO DA CIDADANÍA SOBRE O SENFOGARISMO E OS DEREITOS DAS PERSOAS SEN FOGAR	
MEDIDAS	
16.1	Creación e divulgación dun sitio web dirixido á cidadanía xeral para información sobre o senfogarismo e os recursos de interese existentes para abordalo, indicando a localización e a tipoloxía dos mesmos
16.2	Promoción de espazos de convivencia que faciliten a interacción e o coñecemento mutuo con persoas alleas aos ámbitos da exclusión social, especialmente dirixidas a aquelas que forman parte da cidadanía sobre a que é preciso incidir en termos de sensibilización
16.3	Desenvolvemento de campañas de sensibilización, promovendo espazos para coñecer historias contadas en primeira persoa e a comunicación en positivo
16.4	Formación á comunidade na identificación das situacións de risco de exclusión residencial para, así, mellorar a súa implicación activa na prevención deste fenómeno

OBXECTIVO ESPECÍFICO 16. SENSIBILIZAR, FORMAR E FOMENTAR O COÑECEMENTO DA CIDADANÍA SOBRE O SENFOGARISMO E OS DEREITOS DAS PERSOAS SEN FOGAR

16.5	Realización de enquisas de opinión dirixidas á cidadanía
16.6	Publicación da guía de comunicación sobre senfogarismo dirixida a xornalistas e medios de comunicación, en colaboración con entidades de iniciativa social
16.7	Inclusión de actividades de información sobre senfogarismo no programa de formación a persoal sanitario do sistema público, en colaboración cos Servizos sociais
16.8	Desenvolvemento de campañas de sensibilización aos corpos de seguridade sobre a realidade, necesidades e dereitos das persoas sen fogar

OBXECTIVO ESPECÍFICO 17. ACHEGARLLE Á COMUNIDADE EDUCATIVA O COÑECEMENTO SOBRE O SENFOGARISMO

MEDIDAS

17.1	Inclusión de actividades de información no programa de formación a persoal docente de educación primaria e secundaria do sistema público
17.2	Desenvolvemento nos centros de educación secundaria de semanas temáticas sobre a pobreza e a exclusión social, con especial fincapé no senfogarismo

OBXECTIVO ESPECÍFICO 18. AUMENTAR O NÚMERO DE VÍTIMAS EN SITUACIÓN DE SENFOGARISMO QUE DENUNCIAN ACTOS DE VIOLENCIA E ODIO QUE SOFREN

MEDIDAS

18.1	Divulgación da información ás persoas sen fogar dos mecanismos dispoñibles para poder denunciar os abusos e delitos de odio sufridos
18.2	Apoio da oferta de servizos de asesoramento xurídico para denunciar delitos, en colaboración co Colexio de Avogados/as

MEDIDA	RESPONSABILIDADE		COLABORACIÓN	
	Xunta de Galicia	Entidades locais	ONG	Outros axentes
16.1	CPS			
16.2	CPS	X	X	
16.3	CPS	X	X	
16.4	CPS	X	X	
16.5	CPS	X	X	
16.6	CPS		X	
16.7	CS			
16.8	AGASP			
17.1	CEUFP			
17.2	CEUFP			
18.1	CPS	X	X	
18.2	CPS	X	X	X

EIXE 6. COÑECEMENTO, INNOVACIÓN E COLABORACIÓN

Xestionar e impulsar o coñecemento do senfogarismo desde unha tripla perspectiva: profundar sobre o fenómeno no territorio, intercambiar experiencias e coñecemento, e mellorar os sistemas de información; todo iso co obxecto de mellorar as políticas de atención ao senfogarismo e promover a innovación. Tamén se prevé colaborar con Portugal para abordar o problema de maneira conxunta no caso das persoas en itinerancia transfronteiriza.

O coñecemento dun fenómeno é un elemento indispensable para poder achegar ideas, propoñer cambios e innovacións, e valorar a súa evolución. Particularmente, no que respecta ao deseño de políticas públicas, o coñecemento da realidade debería ser un paso previo á planificación e á intervención. A elaboración de políticas públicas e –en función delas– o deseño das intervencións que hai que levar a cabo, deben de iniciarse coñecendo a situación e a contorna nas que se vai intervir, da persoa que a protagoniza, das diferentes institucións involucradas, e dos ou das profesionais responsables da atención.

No caso das persoas sen fogar, a información da que se dispón actualmente resulta insuficiente. Contar con máis información sobre este fenómeno e poder estudalo, analizar como se está a intervir e xestionar desde as institucións, administracións, o terceiro sector etc., constitúe un instrumento indispensable para coñecer a realidade, saber como a viven as persoas afectadas, que necesidades teñen e que se ten que facer para satisfacelas e mellorar a súa situación. É dicir, innovar e conseguir unha intervención máis eficaz.

En particular, os organismos públicos involucrados na atención das persoas sen fogar, teñen a obriga de seren transparentes, xestionar ben a información e poñela a disposición das persoas usuarias, da cidadanía e das entidades; e utilízala para mellorar a xestión dos recursos, planificando, avaliando e innovando permanentemente. Todo iso será posible só se se xera, xestiona, comparte e intercambia entre os diferentes actores, dun modo axeitado, o coñecemento.

Neste marco, o presente eixe concrétese nos seguintes obxectivos específicos:

- O.E. 19.** Impulsar as accións dirixidas a aumentar o coñecemento sobre o senfogarismo en Galicia
- O.E. 20.** Promover espazos de divulgación e intercambio de coñecemento técnico sobre o senfogarismo en Galicia
- O.E. 21.** Mellorar os sistemas e a xestión da información relativa ás persoas en situación de senfogarismo
- O.E. 22.** Establecer vías de cooperación co Goberno de Portugal para traballar un enfoque común na abordaxe do senfogarismo transfronteirizo

OBXECTIVO ESPECÍFICO 19. IMPULSAR AS ACCIÓNS DIRIXIDAS A AUMENTAR O COÑECEMENTO SOBRE O SENFOGARISMO EN GALICIA	
MEDIDAS	
19.1	Desenvolvemento dun estudo na Comunidade Autónoma de Galicia sobre o senfogarismo feminino: determinantes e propostas de intervención
19.2	Incorporación da perspectiva de xénero no coñecemento e estudo das formas de exclusión residencial e senfogarismo
19.3	Realización de recontos bianuais nas sete grandes cidades galegas, en colaboración coas entidades de iniciativa social
19.4	Desenvolvemento dunha enquisa a persoas sen fogar e sen vivenda en Galicia cada dous anos
19.5	Realización de consultas específicas e organización de paneis de persoas expertas nos que participen profesionais das administracións públicas e das entidades de iniciativa social especializadas, así como as persoas usuarias da rede de recursos
19.6	Actualización do Estudo sobre a situación das persoas sen fogar en Galicia

OBXECTIVO ESPECÍFICO 20. PROMOVER ESPAZOS DE DIVULGACIÓN E INTERCAMBIO DE COÑECEMENTO TÉCNICO SOBRE O SENFOGARISMO EN GALICIA

MEDIDAS	
20.1	Organización e desenvolvemento dun seminario específico sobre o senfogarismo na Comunidade autónoma, para a presentación e análise dos resultados dos estudos realizados
20.2	Xeración de foros e espazos de encontro para a realización de actividades de reflexión e debate profesional no que se inclúa a participación daqueles/as do ámbito académico e das propias persoas en situación de senfogarismo
20.3	Impulso de accións de análise que teñan por obxecto identificar novos perfís e necesidades asociadas ao senfogarismo

OBXECTIVO ESPECÍFICO 21. MELLORAR OS SISTEMAS E XESTIÓN DA INFORMACIÓN RELATIVA ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE SENFOGARISMO

MEDIDAS	
21.1	Realización dun proceso de mellora cuantitativa e cualitativa dos rexistros informativos que realizan as administracións públicas
21.2	Análise das posibilidades de sistematización da recollida por parte de todos os axentes implicados no desenvolvemento do plan

OBXECTIVO ESPECÍFICO 22. ESTABLECER VÍAS DE COOPERACIÓN CO GOBERNO DE PORTUGAL PARA TRABALLAR UN ENFOQUE COMÚN NA ABORDAXE DO SENFOGARISMO TRANSFRONTEIRIZO

MEDIDAS	
22.1	Desenvolvemento de liñas de colaboración que partan dun diagnóstico compartido e promovan a coordinación dos recursos de atención a persoas sen fogar de ambos os dous países
22.2	Creación dun grupo de traballo técnico que integre persoal dos concellos para o intercambio de información e experiencias e operativización da coordinación dos recursos nos territorios

MEDIDA	RESPONSABILIDADE		COLABORACIÓN	
	Xunta de Galicia	Entidades locais	ONG	Outros axentes
19.1	CPS, SXI			
19.2	CPS, SXI	X	X	
19.3	CPS		X	
19.4	CPS		X	
19.5	CPS	X	X	
19.6	CPS		X	
20.1	CPS		X	
20.2	CPS	X	X	X
20.3	CPS	X	X	
21.1	CPS	X		
21.2	CPS	X	X	
22.1	CPS			X
22.2	CPS			X

9. Gobernanza do plan


A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia ocúpase da atribución de competencias ás administracións públicas galegas en materia de servizos sociais, estruturándose en dous niveis: Xunta de Galicia e entes locais, que actuarán conforme aos principios de coordinación e cooperación. Neste contexto, é a Administración autonómica, concretamente, a Consellería de Política Social, a quen corresponden as competencias e o liderado en materia de servizos sociais.

No que respecta ao nivel local, a Lei 13/2008 establece que lles corresponde aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do Sistema galego de servizos sociais, entre outras, as competencias de creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, a colaboración no fomento dos servizos sociais especializados no ámbito local, así como a promoción e coordinación dos servizos sociais. Polo tanto, é tamén competencia dos concellos a atención e fomento da inserción social das persoas en risco e situación de exclusión social e, entre elas, das persoas sen fogar.

Neste marco, o concepto de gobernanza adoptado refírese aos procesos utilizados na toma das decisións que son necesarios para o deseño, formulación e implantación das medidas previstas. Apóstate por unha **gobernanza multinivel**, que favorece a participación de todos os axentes implicados: administración autonómica, local, sociedade civil e as propias persoas afectadas. Por tanto, o modelo de gobernanza que se propón é transversal, polo que de forma implícita

está presente nas medidas de cada eixe, e constitúe unha ferramenta indispensable para o seu desenvolvemento e a consecución dos seus obxectivos.

Atendendo a este marco competencial e ao principio de participación, un dos principios inspiradores do Plan de atención a persoas sen fogar de Galicia, establécese esta participación en todas as fases.



Proceso de deseño do plan

Atendendo a estes principios, a formulación do plan toma como punto de partida o traballo de análise, reflexión e planificación realizado desde a súa xestión de forma participativa. Así, a formulación inicial do mesmo nace a partir das propostas recollidas no “Seminario sobre senfogarismo en Galicia”, e en xeral, das conclusións do Estudo da situación das persoas sen fogar en Galicia, 2017. Ademais das 204 persoas sen fogar que foron entrevistadas, o desenvolvemento deste estudo implicou a un total de 32 entidades diferentes: 21 de entidades privadas de iniciativa social e 11 de entidades públicas (Administración autonómica e local).

A participación e o diálogo coa sociedade civil e coas entidades locais, por tanto, son clave para o deseño das políticas de inclusión social da Xunta de Galicia.

Doutra banda, hai que destacar a estreita coordinación entre a Consellería de Política Social e outras consellerías con competencias en materia de atención ao senfogarismo na fase propositiva de deseño, dado que moitas das medidas incorporadas competen a outros

departamentos. Neste sentido, desde a xestión do plan, a coordinación interdepartamental foi necesaria para determinar o alcance e establecer obxectivos e medidas operativas e viables.

Proceso de desenvolvemento e posta en marcha do plan


Tal e como se menciona con anterioridade, no plan adóptase un concepto de gobernanza que facilite os procesos e a toma de decisións considerando todos os axentes implicados.

Concretamente, as medidas comprendidas no plan requiren da coordinación de axentes de diferente natureza, especialmente pública. Trátase de medidas que se promoven desde a Comunidade autónoma como marco de reforzo cara a unha atención que se presta desde os servizos sociais comunitarios, que son de competencia municipal. Compréndense, así, medidas sectoriais de ámbito competencial exclusivo autonómico, como o sanitario; e doutros cuxa competencia comparten, como o da promoción e a xestión da vivenda.

Por tanto neste marco, no que se integran medidas de competencia autonómica que involucran a diferentes departamentos, medidas de responsabilidade ou corresponsabilidade local, e tamén están implicadas as entidades de iniciativa social provedoras de servizos de titularidade privada financiados total ou parcialmente con fondos públicos; resulta imprescindible a articulación dun **sistema de gobernanza** que promova e permita a coordinación e colaboración entre os diferentes actores implicados desde unha tripla perspectiva:

- ▶ Coordinación e colaboración entre os diferentes departamentos autonómicos implicados, liderada pola Consellería de Política Social.
- ▶ Coordinación e colaboración da Administración autonómica coas administracións locais.
- ▶ Coordinación e colaboración dos diferentes niveis administrativos implicados coas entidades sociais.

Relación interdepartamental na Xunta de Galicia




A Consellería de Política Social é o departamento que lidera e coordina o Plan de Atención ás persoas sen fogar en Galicia 2019-2023. O plan, debido á súa natureza, implica ademais a outras cinco consellerías da Xunta de Galicia, sendo o seu compromiso e participación activa un requisito en todas as súas fases. No que respecta á implantación, aínda que algunhas das medidas previstas poden ser desenvolvidas de maneira autónoma desde cada departamento, para a súa posta en marcha e desenvolvemento moitas delas requiren da elaboración e establecemento de protocolos de coordinación sobre o terreo.

Tendo en conta iso, deseñaranse mecanismos de coordinación estruturados en dous niveis:

- ▶ **Comisión Interdepartamental**, que será o órgano responsable de acoller os encontros necesarios para chegar a acordos precisos de coordinación e colaboración. A mesma convocarase con carácter anual, para asegurar a realización de a lo menos unha reunión ao ano.
- ▶ **Reunións bilaterais**, que haberán de establecerse desde a Comisión Interdepartamental cando se detecte a necesidade dunha cooperación máis intensa e teña un carácter técnico predominante.

Relación da Xunta de Galicia coas entidades locais




As entidades locais constitúen axentes clave no desenvolvemento e éxito do Plan de Atención ás persoas sen fogar en Galicia. Aínda que a meirande parte das medidas que integra o documento son responsabilidade da Xunta de Galicia, as entidades locais teñen corresponsabilidade na súa execución, non só por cuestión competencial, senón tamén pola operatividade necesaria para levalas a cabo. Por iso, desde a Xunta de Galicia promoverase que as entidades locais participen no plan a través de diferentes vías que comprenden o cofinanciamento, a cooperación e a coordinación de recursos a nivel local.

É responsabilidade das diferentes consellerías encargadas das medidas neste documento buscar e establecer a fórmula de cooperación coas entidades locais onde se localice o seu desenvolvemento. Neste sentido, está prevista a intensificación do contido e do número de reunións do **Grupo de traballo de inclusión residencial** que se creou no marco da Axenda Social Única de Galicia. Este grupo estará formado por representantes das entidades locais (FEGAMP), os concellos máis grandes de Galicia e as entidades de iniciativa social máis representativas na Comunidade autónoma.

Adicionalmente, cada departamento deberá establecer outras fórmulas concretas de cooperación estratéxica multinivel para abordar o senfogarismo coas corporacións locais, de forma que se posibilite o desenvolvemento dos roles que lles atribúen as disposicións xerais vixentes e as accións que se lles propoñen no marco deste documento.

En concreto, a Consellería de Política Social reforzará as liñas de colaboración habituais, a través de sucesivas **convocatorias de axudas** co apoio do Fondo Social Europeo e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, para cofinanciar accións tendentes a alcanzar maior eficacia nos obxectivos do plan. Ademais, promoverá **novas liñas de financiamento específicas** con fondos da Comunidade autónoma para a posta en marcha de novas medidas que requiran compromisos parciais dos concellos e outros axentes. Estas colaboracións instrumentalizaranse en **convenios**.

Relación da Xunta de Galicia coas entidades de iniciativa social



Unha gran parte dos recursos existentes e os servizos de atención específica ás persoas en situación de senfogarismo en Galicia están promovidos por entidades de iniciativa social. Calquera nova estratexia de abordaxe deste problema require, sen dúbida, dunha colaboración e participación activa destes axentes. Boa parte destes servizos e equipamentos contan co

apoio económico das administracións públicas para o seu funcionamento. No caso da Consellería de Política Social, como se recolleu no apartado 5.3, relativo ao investimento da Xunta de Galicia en políticas de atención ao senfogarismo, un 40 % do orzamento destínase a entidades de iniciativa social orientadas ás persoas sen fogar.

Neste plan, desde a Xunta de Galicia, prevíronse dúas vías de colaboración:


- ▶ Nun plano máis estratéxico: creación de mesas específicas de traballo no marco do **Consello Galego de Benestar Social**, para establecer e articular fórmulas concretas de colaboración e para abordar cuestións de carácter xeral
- ▶ Nun plano máis operativo:
 - Continuar coas convocatorias de subvencións e liñas de axudas dirixidas de xeito específico a entidades de iniciativa social ou ás que estas poderán concorrer.
 - Desenvolver convenios de colaboración e contratos con aquelas entidades que presten unha atención singular ou realizan actuacións de especial interese nesta materia.

10. Seguimento e avaliación

O sistema de avaliación e seguimento incorpórase ao plan coa finalidade de contar con información que permita coñecer o grao de execución das medidas propostas, de consecución dos obxectivos expostos e os resultados obtidos. Esta información permitirá ademais, se fose necesario, articular medidas correctoras ante posibles desviacións.

Correspóndelle á Consellería de Política Social coordinar e levar a cabo as tarefas de seguimento e avaliación do Plan de Atención ás persoas sen fogar en Galicia; con todo, coa colaboración doutros actores implicados.

Este sistema de seguimento e avaliación concrétase nos seguintes fitos:



1. Seguimento anual

Para abordar o seguimento anual do plan prevese a elaboración dun **Informe Anual**, co obxecto de coñecer o nivel de implantación das medidas, os resultados obtidos e, no seu caso, introducir as medidas correctoras que sexan necesarias.

Neste marco celebraranse reunións anuais do **Grupo de traballo sobre inclusión residencial** (no seo da Axenda Social Única de Galicia). Nestas reunións:

- ▶ Presentaranse os resultados de posibles consultas periódicas que durante o período de referencia levase a cabo a Consellería de Política Social, dirixidas ás entidades de iniciativa social implicadas no desenvolvemento do plan.
- ▶ De ser preciso, realizaríanse propostas de introdución de axustes ás medidas existentes no plan, ou de novas medidas que se consideren pertinentes.

2. Avaliación intermedia

Elaborarase un **Informe de avaliación intermedia do plan**. Este informe abarcará a análise do plan ata o ano 2021 e será presentado ao **Consello Galego de Benestar Social** no primeiro trimestre do ano 2022.

Neste informe recolleranse os avances na execución do plan, así como os resultados obtidos en función do sistema de indicadores definido ao efecto.

3. Avaliación final

A avaliación final realizarase ao final do período cunha dobre función: primeiro, coñecer os resultados e o impacto da implantación do plan e, segundo, servir de base para o seguinte plan, abordando os retos de futuro.

Para iso elaborase un **Informe de avaliación final** que será presentado ao **Consello Galego de Benestar Social** no primeiro trimestre do ano 2024.

Co fin de liderar e apoiar o sistema de seguimento e avaliación, crearase unha **Comisión técnica de seguimento e avaliación** que será a responsable da:

- ▶ Elaboración dos indicadores de resultados para cada un dos obxectivos e medidas contemplados no plan.
- ▶ Preparación e realización de consultas periódicas ás entidades de iniciativa social implicadas no desenvolvemento do plan.
- ▶ Recompilación da información de cada un dos organismos responsables da execución das medidas, sobre o nivel de implantación destas e os indicadores de resultados.

- Elaboración e presentación de informes de avaliación intermedia e final ao Consello Galego de Benestar.

11. Orzamento

O orzamento destinado ao desenvolvemento das medidas e obxectivos comprendidos no Plan de Atención ás persoas sen fogar no período 2019 a 2023 é dun total de 73.152.308,23 euros, coa seguinte distribución anual, agrupada en función da natureza dos distintos eixes estratéxicos:

Eixe	2019	2020	2021	2022	2023	TOTAL
A) Eixes específicos, centrados en atender as necesidades das persoas en situación de senfogarismo nas que se conxugan factores de risco: EIXES I e II	4.233.565,61	4.937.601,61	5.157.520,94	5.377.440,27	5.607.440,27	25.313.568,70
B) Eixes transversais relacionados coa resposta institucional: EIXES III E IV	9.555.129,49	10.008.173,47	9.890.906,38	9.363.314,59	8.851.315,59	47.668.839,52
C) Eixes transversais dirixidos á integración social, a sensibilización e ao coñecemento e a cooperación: EIXES V E VI	31.500,00	34.600,00	52.700,00	34.600,00	16.500,00	169.900,00
TOTAL	13.820.195,11	14.980.375,08	15.101.127,32	14.775.354,86	14.475.255,86	73.152.308,23

ANEXO I. CADRO DE INDICADORES

EIXE	Obxectivo	Definición do obxectivo	Definición do indicador	Tipo de indicador	Fonte
OBXECTIVO XERAL		Reducir o número de persoas en situación de senfogarismo	Número medio de persoas en situación de rúa	Impacto	INE e outras enquisas
EIXO 1. Prevención	O.E.1	Detectar de forma temperá as situacións de risco de senfogarismo	Número de persoas identificadas en situación de risco de senfogarismo desde os servizos sociais comunitarios	Resultados	SIUSS. Consellería de Política Social
EIXO 1. Prevención	O.E.1	Detectar de forma temperá as situacións de risco de senfogarismo	Número de persoas atendidas na rúa	Resultados	Elaboración propia. Consellería de Política Social
EIXO 1. Prevención	O.E.1	Detectar de forma temperá as situacións de risco de senfogarismo	Número de equipos de atención na rúa nas grandes cidades de Galicia	Resultados	Elaboración propia. Consellería de Política Social
EIXO 1. Prevención	O.E.2	Garantir a atención ás persoas e familias en situación de risco de perda da vivenda habitual por non pagamento das cotas da hipoteca ou alugueiro	Número de persoas/ familias que manteñen ou acceden a unha vivenda a través do Programa Reconduce	Resultados	Elaboración propia. Consellería de Política Social
EIXO 1. Prevención	O.E.3	Previr o senfogarismo das persoas internas en institucións cuxa alta ou saída está próxima e carecen de vivenda alternativa e/ou rede de apoio	Número de prazas de convalecencia creadas para persoas sen vivenda alternativa	Resultados	Elaboración propia. Consellería de Sanidade
EIXO 1. Prevención	O.E.3	Previr o senfogarismo das persoas internas en institucións cuxa alta ou saída está próxima e carecen de vivenda alternativa e/ou rede de apoio	Número de persoas participantes no Proxecto Nelson Mandela no centro penal de A Lama	Resultados	Elaboración propia. Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Consellería de Política Social
EIXO 1. Prevención	O.E.4	Promover a inclusión residencial das persoas perceptoras da RISGA e de axudas de inclusión social	Tempo medio de resolución da solicitude de axudas de inclusión social	Procesos	Informe anual de RISGA e AIS. Consellería de Política Social
EIXO 1. Prevención	O.E.4	Promover a inclusión residencial das persoas perceptoras da RISGA e de axudas de inclusión social	% de personas beneficiarias da RISGA en situación de senfogarismo	Resultados	Informe anual de RISGA e AIS. Consellería de Política Social
EIXO 1. Prevención	O.E.4	Promover a inclusión residencial das persoas perceptoras da RISGA e de axudas de inclusión social	% de personas beneficiarias das Axudas de Inclusión Social en situación de senfogarismo	Resultados	Informe anual de RISGA e AIS. Consellería de Política Social

EIXE	Obxectivo	Definición do obxectivo	Definición do indicador	Tipo de indicador	Fonte
OBXECTIVO XERAL		Reducir o número de persoas en situación de senfogarismo	Número medio de persoas en situación de rúa	Impacto	INE e outras enquisas
EIXO 2. Protección	O.E.5	Asegurar que ningunha persoa se vexa obrigada a durmir á intemperie debido á falta de servizos de urxencia e protección	Número de prazas de aloxamento nocturno (incremento)	Procesos	Elaboración propia. RUEPSS. Consellería de Política Social
EIXO 2. Protección	O.E.5	Asegurar que ningunha persoa se vexa obrigada a durmir á intemperie debido á falta de servizos de urxencia e protección	Número de prazas de servizos de acollida básica (incremento)	Procesos	Elaboración propia. RUEPSS. Consellería de Política Social
EIXO 2. Protección	O.E.5	Asegurar que ningunha persoa se vexa obrigada a durmir á intemperie debido á falta de servizos de urxencia e protección	Ratio de ocupación (%) das prazas existentes en servizos de aloxamento de emerxencia	Resultados	INE. Enquisa sobre centros e servizos de atención a persoas sen fogar
EIXO 2. Protección	O.E.6	Garantir que as persoas en situación de senfogarismo coñecen e exercen os seus dereitos	Porcentaxe de persoas sen fogar empadroadas	Resultados	Elaboración propia. Enquisa a persoas sen teito. Consellería de Política Social- Cruz Vermella
EIXO 2. Protección	O.E.6	Garantir que as persoas en situación de senfogarismo coñecen e exercen os seus dereitos	Número de persoas sen fogar que acadan o recoñecemento da súa discapacidade	Resultados	Elaboración propia. Enquisa a persoas sen teito. Consellería de Política Social- Cruz Vermella
EIXO 2. Protección	O.E.6	Garantir que as persoas en situación de senfogarismo coñecen e exercen os seus dereitos	Porcentaxe de persoas sen fogar con tarxeta sanitaria sobre o total de persoas sen fogar	Resultados	Elaboración propia. Enquisa a persoas sen teito. Consellería de Política Social- Cruz Vermella
EIXO 2. Protección	O.E.7	Implementar o enfoque centrado nas persoas, individualizando a atención e empoderándoas para que sexan elas as que tomen as decisións da súa propia vida	Importe destinado ao financiamento de programas de vivendas das persoas con trastornos adictivos promovidos desde o ámbito sanitario (incremento)	Procesos	Elaboración propia. Consellería de Sanidade
EIXO 2. Protección	O.E.7	Implementar o enfoque centrado nas persoas, individualizando a atención e empoderándoas para que sexan elas as que tomen as decisións da súa propia vida	% de centros que atenden necesidades específicas sobre o total de centros: Número de centros que atenden necesidades específicas por tipo de necesidade: adicción a drogas, adicción o alcol, inmigración, mulleres vítimas de violencia, vítimas de trata, trastorno mental/ número de centros	Resultados	INE. Enquisa sobre centros e servizos de atención ás persoas sen fogar
EIXO 2. Protección	O.E.7	Implementar o enfoque centrado nas persoas, individualizando a atención e empoderándoas para que sexan elas as que tomen as decisións da súa propia vida	Persoas beneficiarias do servizo de apoio á inclusión sociolaboral e de inclusión residencial (itinerarios de inclusión social con compoñente residencial)	Resultados	Elaboración propia. Consellería de Política Social
EIXO 2. Protección	O.E.9	Promover a inclusión e participación activa das persoas sen fogar na vida comunitaria	Número de programas dirixidos á alfabetización dixital das persoas en situación de senfogarismo	Procesos	Elaboración propia. Consellería de Política Social
EIXO 2. Protección	O.E.9	Promover a inclusión e participación activa das persoas sen fogar na vida comunitaria	Número de persoas en itinerarios de exclusión social severa que acceden a un emprego	Resultados	Elaboración propia. Consellería de Política Social

EIXE	Obxectivo	Definición do obxectivo	Definición do indicador	Tipo de indicador	Fonte
OBXECTIVO XERAL		Reducir o número de persoas en situación de senfogarismo	Número medio de persoas en situación de rúa	Impacto	INE e outras enquisas
EIXO 3. Adaptación recursos	O.E.10	Continuar un proceso de mellora cualitativa dos recursos de atención ás persoas sen fogar	Importe total das axudas investidas para a reforma e adecuación das instalacións de titularidade municipal ou de entidades de iniciativa social onde se prestan servizos de aloxamento nocturno, mantemento ou atención continuada	Resultados	Elaboración propia. Consellería de Política Social
EIXO 3. Adaptación recursos	O.E.10	Continuar un proceso de mellora cualitativa dos recursos de atención ás persoas sen fogar	Valoración media da satisfacción das persoas dos recursos utilizados polas persoas sen fogar	Resultados	Elaboración propia. Enquisa a persoas sen teito. Consellería de Política Social- Cruz Vermella
EIXO 3. Adaptación recursos	O.E.10	Continuar un proceso de mellora cualitativa dos recursos de atención ás persoas sen fogar	Publicación da norma de desenvolvemento normativo do Decreto 61/2016 (si/non)	Resultados	Elaboración propia. Consellería de Política Social
EIXO 3. Adaptación recursos	O.E.11	Adaptar e mellorar os servizos de saúde ás necesidades das persoas en situación de senfogarismo promovendo o seu acceso	% de persoas sen fogar con problemas de saúde mental que fan uso dos servizos sociosanitarios	Resultados	Elaboración propia. Consellería de Política Social e Consellería de Sanidade
EIXO 3. Adaptación recursos	O.E.11	Adaptar e mellorar os servizos de saúde ás necesidades das persoas en situación de senfogarismo promovendo o seu acceso	Número de programas de acción comunitaria de prevención e vixilancia da saúde dirixidos a persoas sen fogar	Resultados	Elaboración propia. Consellería de Sanidade
EIXO 3. Adaptación recursos	O.E.12	Garantir a implementación dun enfoque de xénero na atención das necesidades das persoas en situación de senfogarismo que eviten a invisibilización das mulleres sen fogar	Número de mulleres sen fogar beneficiarias de itinerarios en programas de acompañamento específico	Procesos	Elaboración propia. Consellería de Política Social
EIXO 3. Adaptación recursos	O.E.12	Garantir a implementación dun enfoque de xénero na atención das necesidades das persoas en situación de senfogarismo que eviten a invisibilización das mulleres sen fogar	Número de mulleres en situación de senfogarismo atendidas por violencia de xénero	Resultados	Elaboración propia. Consellería de Política Social e Secretaría Xeral da Igualdade
EIXO 3. Adaptación recursos	O.E.12	Garantir a implementación dun enfoque de xénero na atención das necesidades das persoas en situación de senfogarismo que eviten a invisibilización das mulleres sen fogar	Número de prazas residenciais/ aloxamento destinadas a mulleres en recursos da rede específica de atención ás persoas sen fogar	Resultados	Elaboración propia. Consellería de Política Social e Secretaría Xeral da Igualdade
EIXO 4. Vivenda inclusiva	O.E.13	Desenvolver un enfoque centrado na vivenda fronte ao senfogarismo que asegure un aloxamento estable e apoiado desde o ámbito social	Número de profesionais formados/as na metodoloxía housing first	Procesos	Elaboración propia. Consellería de Política Social
EIXO 4. Vivenda inclusiva	O.E.13	Desenvolver un enfoque centrado na vivenda fronte ao senfogarismo que asegure un aloxamento estable e apoiado desde o ámbito social	Número de programas de intermediación inmobiliaria desenvolvidos para promover o acceso á vivenda de persoas sen fogar ou en risco de estalo	Procesos	Elaboración propia. Consellería de Política Social
EIXO 4. Vivenda inclusiva	O.E.13	Desenvolver un enfoque centrado na vivenda fronte ao senfogarismo que asegure un aloxamento estable e apoiado desde o ámbito social	Número de persoas beneficiarias de servizos de inclusión residencial (itinerarios)	Procesos	Elaboración propia. Consellería de Política Social

EIXE	Obxectivo	Definición do obxectivo	Definición do indicador	Tipo de indicador	Fonte
OBXECTIVO XERAL		Reducir o número de persoas en situación de senfogarismo	Número medio de persoas en situación de rúa	Impacto	INE e outras enquisas
EIXO 4. Vivenda inclusiva	O.E.14	Desenvolver un enfoque centrado na vivenda fronte ao senfogarismo que asegure un aloxamento estable e apoiado desde o ámbito social	Importe medio anual do bono de aluguer social	Resultados	Elaboración propia. IGVS
EIXO 4. Vivenda inclusiva	O.E.14	Desenvolver un enfoque centrado na vivenda fronte ao senfogarismo que asegure un aloxamento estable e apoiado desde o ámbito social	Importe máximo do aluguer para optar ao bono de alugueiro social	Resultados	Elaboración propia. IGVS
EIXO 4. Vivenda inclusiva	O.E.14	Desenvolver un enfoque centrado na vivenda fronte ao senfogarismo que asegure un aloxamento estable e apoiado desde o ámbito social	Número de persoas beneficiarias do bono de aluguer social	Resultados	Elaboración propia. IGVS
EIXO 4. Vivenda inclusiva	O.E.14	Impulsar a creación dunha rede de vivendas de inserción social que incorporen servizos integrais de apoio á inclusión sociolaboral	Número de vivendas integradas na Rede de vivendas de inserción do IGVS	Resultados	Elaboración propia. IGVS
EIXO 4. Vivenda inclusiva	O.E.14	Impulsar a creación dunha rede de vivendas de inserción social que incorporen servizos integrais de apoio á inclusión sociolaboral	Número de persoas e familias sen fogar que acceden ás vivendas de inserción con acompañamento técnico para a inclusión sociolaboral	Resultados	Elaboración propia. Consellería de Política Social
EIXO 4. Vivenda inclusiva	O.E.14	Impulsar a creación dunha rede de vivendas de inserción social que incorporen servizos integrais de apoio á inclusión sociolaboral	Número de vivendas baleiras captadas para a súa integración na rede	Resultados	Elaboración propia. IGVS
EIXO 4. Vivenda inclusiva	O.E.15	Impulsar unha política de vivenda no ámbito do acceso e mantemento na vivenda e a rehabilitación que preste especial atención aos perfís en situación ou en risco de senfogarismo	Orzamento destinado á rehabilitación de vivendas de titularidade municipal	Resultados	Elaboración propia. IGVS
EIXO 4. Vivenda inclusiva	O.E.15	Impulsar unha política de vivenda no ámbito do acceso e mantemento na vivenda e a rehabilitación que preste especial atención aos perfís en situación ou en risco de senfogarismo	Número de vivendas de titularidade municipal rehabilitadas	Resultados	Elaboración propia. IGVS
EIXO 5. Sensibilización	O.E.16	Sensibilizar, formar e fomentar o coñecemento da cidadanía sobre o senfogarismo e os dereitos das persoas sen fogar	Número de persoas participantes en actividades de información ao persoal sanitario sobre aspectos relacionados co senfogarismo	Procesos	Elaboración propia. Consellería de Política Social e Consellería de Sanidade
EIXO 5. Sensibilización	O.E.16	Sensibilizar, formar e fomentar o coñecemento da cidadanía sobre o senfogarismo e os dereitos das persoas sen fogar	Número de persoas pertencentes aos corpos de seguridade que foron sensibilizadas respecto á realidade e dereitos das persoas sen fogar	Procesos	Elaboración propia. Consellería de Política Social e AGASP
EIXO 5. Sensibilización	O.E.16	Sensibilizar, formar e fomentar o coñecemento da cidadanía sobre o senfogarismo e os dereitos das persoas sen fogar	Número de visitantes/ visitas rexistradas na web realizada ao efecto nun período de referencia	Resultados	Elaboración propia. Consellería de Política Social

EIXE	Obxectivo	Definición do obxectivo	Definición do indicador	Tipo de indicador	Fonte
OBXECTIVO XERAL		Reducir o número de persoas en situación de senfogarismo	Número medio de persoas en situación de rúa	Impacto	INE e outras enquisas
EIXO 5. Sensibilización	O.E.16	Sensibilizar, formar e fomentar o coñecemento da cidadanía sobre o senfogarismo e os dereitos das persoas sen fogar	Número de persoas en situación de senfogarismo que sufriron algún tipo de delito ou agresión	Resultados	Elaboración propia. Enquisa a persoas sen fogar. Consellería de Política Social
EIXO 5. Sensibilización	O.E.16	Sensibilizar, formar e fomentar o coñecemento da cidadanía sobre o senfogarismo e os dereitos das persoas sen fogar	Número de persoas en situación de senfogarismo que sufriron algún tipo de delito ou agresión e o denunciaron	Resultados	Elaboración propia. Enquisa a persoas sen fogar. Consellería de Política Social
EIXO 5. Sensibilización	O.E.17	Achegarlle á comunidade educativa o coñecemento sobre o senfogarismo	Número de docentes que recibiron información sobre o senfogarismo no marco dos programas de formación	Resultados	Elaboración propia. CEUFP
EIXO 5. Sensibilización	O.E.17	Achegarlle á comunidade educativa o coñecemento sobre o senfogarismo	Número de centros educativos que realizaron as semanas temáticas sobre pobreza e exclusión social onde se incluíu formación sobre persoas sen fogar	Resultados	Elaboración propia. CEUFP
EIXO 6. Coñecemento, innovación	O.E.19	Impulsar as accións dirixidas a aumentar o coñecemento sobre o senfogarismo en Galicia	Existencia do estudo sobre senfogarismo feminino (si/non)	Resultados	Elaboración propia. Consellería de Política Social
EIXO 6. Coñecemento, innovación	O.E.19	Impulsar as accións dirixidas a aumentar o coñecemento sobre o senfogarismo en Galicia	Número de recontos de persoas sen fogar realizados	Resultados	Elaboración propia. Consellería de Política Social
EIXO 6. Coñecemento, innovación	O.E.20	Promover espazos de divulgación e intercambio de coñecemento técnico sobre o senfogarismo en Galicia	Número de espazos de divulgación e intercambio de coñecemento creados	Resultados	Elaboración propia. Consellería de Política Social
EIXO 6. Coñecemento, innovación	O.E.21	Mellorar os sistemas e a xestión da información relativa ás persoas en situación de senfogarismo	Número de reunións realizadas especificamente para mellorar os rexistros de información sobre intervencións con persoas sen fogar	Resultados	Elaboración propia. Consellería de Política Social
EIXO 6. Coñecemento, innovación	O.E.22	Establecer vías de cooperación co Goberno de Portugal para traballar un enfoque común na abordaxe do senfogarismo transfronteirizo	Número de reunións celebradas polo grupo de traballo técnico creado ao efecto	Procesos	Elaboración propia. Consellería de Política Social

ANEXO II. ABREVIATURAS DO DOCUMENTO

AGASP	Academia Galega de Seguridade Pública
CEEI	Consellería de Economía, Emprego e Industria
CPS	Consellería de Política Social
CEUPP	Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional
CIE	Centro de Internamento de Estranxeiros/as
CS	Consellería de Sanidade
ECRE	Estudo da poboación en senfogarismo atendida pola Cruz Vermella Española en Galicia
EPSH-INE	Enquisa a persoas sen fogar do INE
EPST	Enquisa a persoas sen teito. Cruz Roja en Galicia
ETHOS	Tipoloxía europea de senfogarismo e exclusión residencial
FEANTSA	Federación Europea de Asociacións que traballan coas Persoas sen Fogar
IGE	Instituto Galego de Estatística
INE	Instituto Nacional de Estadística
IGVS	Instituto Galego da Vivenda e Solo
PSF	Persoas sen fogar
PST	Persoas sen teito
SXI	Secretaría Xeral da Igualdade